GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso.	Fichas diferenciando participios: substantivado, adxectivado, concertado e absoluto.
GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece.	Exames
GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos.	Fichas con frases e textos.
GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán.	Exames con análise morfosintáctica e tradución.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del mesmo e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións.</p> <p>GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información.</p> <p>GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</p> <p>GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</p>	<p>Fichas con cronogramas.</p> <p>Exames con referencias históricas quitadas dos propios textos.</p>
<p>GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáranse entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.</p> <p>GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.</p>	
<p>GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.</p>	<p>Corrección das presentacións en Powerpoint.</p>
<p>GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.</p> <p>GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.</p>	
<p>GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.</p>	<p>Corrección das presentacións en Powerpoint.</p>
<p>GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</p> <p>GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época.</p> <p>GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</p>	
<p>GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</p>	<p>Corrección das presentacións en Powerpoint.</p>
<p>GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais.</p>	

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución.	Fichas con frases e textos.  Exames con análise morfosintáctica e tradución.
GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto. GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global.	Exercicios de control de dicionario.  Fichas con helenismos.
GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos.	Exercicios de tradución e retroversión.
GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos.	Exercicios de comentario de textos.
GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas.	Probas orais.
GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	Corrección deses mapas.
GR1B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado.	Probas orais.
GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto.	Probas orais.
GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto. GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua. GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	Fichas con helenismos.  Exames con helenismos
GR1B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega.	
GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais.	
GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia.	

GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

## 5.8.- METODOLOXÍA

O obxectivo fundamental de toda metodoloxía do grego consiste en acadar que o alumno poida ler textos de non especial dificultade con precisión, comprensión e pracer.

Con vistas a tal meta o método terá que ser sincrónico e, xa que logo, tratará de aglutinar:

- a) unha gramática esencialmente útil.
- b) a intercalación de exercicios que comprobaran os progresos do estudante.
- c) a aparición de textos, quer de creación moderna, quer tomados directamente de autores clásicos.

Espero que este sistema de traballo me permita a incorporación dos máis á aprendizaxe. Agora ben, este método precisa dunhas liñas xerais de aplicación que especifico a continuación:

- a) Tendo unha modificación do xeito de estudo, hoxe aínda excesivamente inclinado á memorización.
- b) preciso da súa capacidade de raciocinio no estudo, no exercicio da síntese, na abstracción de paradigmas, na necesaria unión de teoría e praxe.

Insistir, por último, en que apenas permitirei o emprego desa arma de dobre gume que é o dicionario, aspirando a que, deste xeito, a presenza na aula lles resulte imprescindible.

## 5.9.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, **competencias clave**, **obxectivos**, **contidos** e os **criterios de avaliación**.

### ❖ 5.9.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar en setembro realizarase unha proba específica prognóstica para avaliar o grao de dominio dos contidos lingüísticos e culturais mínimos que se consideran importantes para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia. Propoñeránselles:

- Unha serie de frases en galego, moi simples, para que as analicen. Trátase de que saiban distinguir na oración simple o modelo transitivo, intransitivo e copulativo.
- Un mapa no que deben ubicar Grecia, Magna Grecia e Asia Menor.
- Unha serie de elementos de composición grega para que identifiquen o seu significado.

O Grego I é unha materia que parte ex nihilo, por tanto esta proba non terá repercusión algunha na cualificación da materia, pero permitíranos actuar desde o primeiro momento sobre as eivas detectadas.

Como primeira medida, ao alumnado que non superase esa proba, entregaráselle un sistema de fichas para que traballe na distinción de diferentes modelos oracionais.

Os erros que se producisen no traballo sobre situación xeográfica ou sobre os significados dos helenismos corríxanse na altura en que se traten eses temas no curso.

### ❖ 5.9.2.- AVALIACIÓN ORDINARIA



Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última destas avaliacións coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

### **❖ 5.9.3.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño. Na data que acorde o centro realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 4,5 para superalo. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promocióne decurso, levará a materia pendente

### **❖ 5.9.4.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO QUE PERDEU O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA**

Este alumnado tan só terá dereito á realización da proba extraordinaria de xuño que, ao igual cá de setembro, se axustará aos contidos mínimos.

### **❖ 5.9.5.- ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.**

Consultar punto 5.10 Programa de recuperación.

## 5.10.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

### SISTEMA DE CUALIFICACIÓN E PONDERACIÓN

**Avaliación de contidos:** Establecemos un 90% da nota para o conxunto de exames e un 10% para ponderar o traballo de clase.

A avaliación realizarase conforme vaia cumprindo fases da materia, de tal xeito que poidamos contar cun mínimo de tres referencias antes de chegar á xunta de avaliación. Estes exames realizaranse sempre que for posíbel de xeito presencial. En caso de que se produza un confinamento total non quedará máis remedio que realízalos de xeito telemático, iso si, con todas as garantías das que dispoñamos. Fixaremos as datas de exames con tempo, concedéndolles sempre aos alumnos un ou máis días para me presentar as súas dúbidas.

Tentarei que os exames teñan unha composición clara, coa dificultade expresada progresivamente, contando con que, nalgúns ocasións, haberá posibilidades de elección.

Polo xeral, todos os exercicios constarán dun apartado morfolóxico e de helenismos e outro de sintaxe e tradución, a valorar cada un deles con 10 puntos, sendo condición indispensable para considerar o exame aprobado que o estea nas súas dúas partes. A todos os efectos só se considerará aprobado aquel exame que supere nas dúas partes o 4,5. En todos os exames aparecerá nidiamente expresada a valoración en puntos de cada apartado, de xeito que o alumnado coñeza de antemán a puntuación máxima que podería obter en cada pregunta. Conforme se vaian tratando temas de cultura, institucións ou literatura, as preguntas sobre os mesmos incorporaranse no apartado de morfoloxía e helenismos, tratando así de significar que o verdadeiro obxectivo do curso é conseguir que o alumnado adquira destrezas na tradución

Como desexamos, por outra parte, aplicar coherentemente o concepto de avaliación continua, o primeiro exame só aportará o 35% da nota da avaliación, reservándose o 65% restante para o segundo exercicio, necesariamente máis complexo. A aqueles alumnos que ao final da avaliación lles falte menos dun 5% para acadar o 4,5, realizaráselles unha proba extraordinaria coas mesmas características que o segundo exame da avaliación.

### **Sistema de cualificación do traballo de clase (10% da nota):**

- Fai as actividades con limpeza e orde nos traballos ou caderno de clase .. 0,4%
- Interese pola materia: participa con regularidade e/ou fai preguntas..... 0,4%
- Ten espírito crítico nas súas valoracións e o fai dun xeito construtivo..... 0,2%

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Consideraremos que un alumno está en disposición de promocionar, isto é, de aprobar a materia de Grego I, cando:

- Teña aprobadas as tres avaliacións ordinarias.
- Teña aprobada a segunda e a terceira, malia suspender a primeira.
- Teña aprobada a terceira, malia suspender a primeira e a segunda. Neste último suposto enténdese que durante a última avaliación deu mostras abondas de dominar a materia obxecto de avaliación nos anteriorees trimestres.
- Nos dous anteriores supostos dáse por descontado que o alumnado que suspendese algunha das dúas primeiras avaliacións fíxoo porque se detectaron eivas no seu progreso e se adoptaron medidas (entrega de fichas específicas, realización de traballos, controis sistemáticos...) que acaben garantindo a adquisición das competencias imprescindibles.
- Supere a proba final extraordinaria de xuño na súa totalidade. Deberá obter un 4,5 en cada un dos seus apartados.
- Supere a proba final extraordinaria de setembro na súa totalidade. Deberá obter un 4,5 en cada un dos seus apartados.

## **5.11.- PROGRAMA DE RECUPERACIÓN**

O alumnado co Grego suspenso someterase a un programa de recuperación en función de se a materia se vai suspendendo durante o curso ou se a mantén pendente do curso anterior.

### **1. MATERIA DURANTE O CURSO**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, e polo tanto a superación dunha avaliación implicará a recuperación da anterior, en caso de estar suspensa. Para isto, en cada avaliación tentarase que existan probas escritas que recollan contidos da avaliación anterior, de maneira que se poida valorar a progresión do alumnado na materia e, se se seguen a detectar eivas no seu progreso, adoptaranse medidas (entrega de fichas específicas, realización de traballos, controis sistemáticos...) que acaben garantindo a adquisición das competencias imprescindibles.

## **2. MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR OU ALUMNADO QUE CAMBIOU DE MODALIDADE EN 2º BACH.**

Non hai alumnado nesta situación

## **5.12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Un dos principios básicos que debe ter en conta o profesor na aula é o da individualización do ensino, partindo sempre da situación inicial de cada alumno en concreto. Este, de forma única e individual, debe dispor dunha educación baseada na súa motivación, intereses e capacidades de aprendizaxe.

Propoñémonos daquela axustar a nosa axuda pedagóxica a cada alumno e alumna en concreto, elixir coidadosamente os recursos didácticos e variar sempre que sexa necesario a nosa estratexia metodolóxica.

Levaremos logo unha metodoloxía diversa. A tal efecto:

-Alternarase o traballo individual e, este ano, en grupos de dous.

-Realizarase un seguimento diario dos alumnos con dificultades.

-Empregarase material didáctico próximo aos seus intereses e, sobre todo, práctico.

-Non se comparará o alumno co grupo.

-En todo momento, estaremos abertos á realización de pequenas adaptacións, se así se require, pero tendo sempre como límite os propios contidos mínimos da materia. Con tal obxectivo seguiremos unhas pautas de traballo: determinación de que é o que o

alumno non dá feito, determinación dos contidos a traballar e a metodoloxía a utilizar e comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Para dar resposta a esta diversidade proxéctase a realización de actividades ou exercicios acaídos e o abundantes e variados que for preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais ou léxicos traballados na unidade, tendo en conta que:

- Para os alumnos que presenten problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais, pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas destas, sempre acompañadas da axuda do profesor.
- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que acadasen satisfactoriamente os contidos propostos realizarán tarefas preparadas de antemán para profundar neles, como realización de pequenos traballos de investigación en Internet sobre temas culturais, traducións ou lecturas complementarias e ampliación de léxico do galego relacionado co tema, mediante dicionarios ou textos apropiados.

Concederáselle gran importancia en todo momento ao traballo persoal e individual, en concreto, aplicarase nas actividades de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Por iso, os materiais didácticos non serán homoxéneos, en tanto en canto non se basean exclusivamente no libro de texto, senón que estarán escolmados integramente polo Departamento.

Os grupos de traballo que formemos serán flexíbeis e o ritmo levado por cadaquén será distinto, segundo necesite cada un máis ou menos reforzo.

Farase ao principio de curso unha avaliación inicial. Esta daranos información sobre os coñecementos que posúe o alumno tanto no ámbito lingüístico en xeral como da nosa materia en particular. A partir desta información realizaranse todas as adaptacións individuais que se precisen.

Tense en mente unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- Exercicios previos para comprender mellor o grego, aproveitando coñecementos xa adquiridos noutras materias.
- Exercicios prácticos variados para exercitar os contidos da materia.

- Exercicios de repaso para sentar coñecementos naqueles que máis o precisen.
- Traducións de textos orixinais e elaborados, con diversos graos de dificultade.
- Actividades de reflexión e relación entre aspectos aparentemente distintos.

## **5.13.- ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

O carácter integral do currículo implica que se debe incorporar en todas as áreas -incluída a materia de Grego- o uso dunha serie de normas morais e sociais que lle permitan ao alumno/-a acoplarse á sociedade co maior grao de responsabilidade e de respecto cara a si propio e cara ás ideas e crenzas dos demais. Para logramos estes obxectivos insértanse os contidos transversais.

Na nosa materia tentamos definir cales destes contidos poderían entrar a formar parte do currículo e como se poderían concretar para as poder levar á práctica.

Con tal obxectivo definimos un planteamento metodolóxico que contén tres partes:

- a) presentación das condutas desde o prisma do mundo helénico (ben sexa a partir dos textos ou dos restos arqueolóxicos)
- b) reflexión acerca deses valores trasladándoos ao seu entorno habitual, e que sirvan para posicionar a cada membro a respecto deles
- c) implicación persoal do alumno/-a para incorporar eses comportamentos ao seu vivir cotián.

Os contidos transversais propostos serían:

1.- Educación social e moral:

É evidente que o mundo grego desde a perspectiva de ser o berce da cultura occidental pode aportar unha serie de normas éticas de convivencia, de hábitos e de actitudes individuais e colectivas, de valores, en definitiva, que, mesmo relegados ás veces, serven para que o alumnado logre a súa propia madurez persoal e social:

- Recoñecemento nos textos gregos de costumes e condutas que aporten un xeito de proceder cívico e/ou moral.

- Promover a reflexión sobre estes comportamentos, facendo parangón cos actuais e comprendendo e valorando a súa necesidade.

- Lograr un compromiso persoal para tentar que esas ideas (solidariedade, respecto, sinceridade...) se conviryan nunha conduta consistente e mantida na persoa.

Dado o moito que poden abranguer este tipo de valores, o seu desenvolvemento irase facendo en diversos bloques temáticos. Así, actitudes tais como o respecto polo espectro multilingüe e cultural do Estado Español ou a valoración e o respecto pola herdanza recibida, serán obxectivos a conquistar.

## 2.- Educación para a paz:

A sociedade actual parece pecar dunha grande dose de insolidariedade e egoísmo nas relacións interpersoais e mesmo chega a provocar brotes preocupantes de violencia, racismo...

Se isto obedece, como algúns apuntan, á actual crise de valores, o mundo helénico viría a encher ese oco desde a seguinte perspectiva:

- Recoñecer nos textos clásicos:

- a) situacións que provocaron unha alteración do desenvolvemento pacífico da sociedade;

- b) as aportacións de personaxes de calquera ámbito para solucionar os problemas e fomentar a paz e a convivencia entre os pobos.

- Considerar esas mesmas actitudes na sociedade actual, examinando con detención as causas que as producen e as solucións que se ofrecen.

- Motivar a corresponsabilidade de todos para afrontar feitos que atenten e violenten a liberdade e o respecto individual por razóns culturais, lingüísticas ou étnicas.

### 3.- Educación para a igualdade entre os sexos:

Se ben legalmente existen disposicións que impiden a comisión de feitos discriminatorios por razón de sexo, na práctica danse situacións que supoñen unha desigualdade social entre ambos sexos.

A materia de Grego podería abordar o tema propondo valores tais como:

- Recoñecemento en textos clásicos de feitos de discriminación por razón de sexo.

- Reflexión sobre estas actitudes, tentando atopar paralelos no seu entorno habitual.

- Tentar un compromiso para evitar situacións -do tipo que sexa- que supoñan discriminación sexista, e para mostrar o rexeitamento ante aquelas outras da súa vida cotiá nas que se poida producir esa discriminación.

### 4.- Educación ambiental:

Trátase de que o alumno valore o medio en que vive non só como beneficioso para el senón en grande medida para os nosos descendentes.

Dado que o medio ambiente implica todo aquilo que nos rodea, desde a área de Grego tentaríase presentarlle valores coma estes:

- Recoñecemento dos restos arqueolóxicos como patrimonio da humanidade.

- Reflexionar sobre a importancia e necesidade do seu mantimento e conservación no seu entorno natural para uso e disfrute de todas as xeracións.

- Compromiso e implicación persoal na súa conservación.

Valores tais poden ter unha acollida perfecta no apartado onde se trate a pegada e presenza da civilización grecolatina en Hispania e máis concretamente na Gallaecia.



## 5.14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da cultura clásica que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados etc. Neste senso, facilitarémolle ao alumnado os medios precisos para que poida traballar no ordenador.

Os ámbitos de fomento das TIC por parte deste Departamento serán os seguintes:

- Uso do correo electrónico por parte do profesor para distribuír materiais entre o alumnado que no precisan ser impresos.
- Utilización por parte do alumnado das súas contas de correo electrónico para o envío ao profesor de traballos e materiais non impresos.
- Consulta e busca de información na internet, tanto na aula multimedia ou de informática durante os períodos lectivos como na biblioteca nos recreos ou na propia casa.
- Uso do encerado dixital

## 5.15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Desde esta materia, e tendo en conta o **plan lector** do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino-aprendizaxe.
- Consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos (ou outro material complementario) que deben manexar nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.
- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función). Para isto, algunhas das actividades propostas poden ser:

- Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados co mundo clásico.
- Lectura persoal dunha obra da literatura grega traducida e/ou adaptada.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Elaboración dun vocabulario específico das linguas e cultura clásicas.

## **5.16.- ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN.**

Se algún alumno ou alumna presenta dificultades no proceso de aprendizaxe durante o curso, o profesor levará a cabo un programa de recuperación destinado a mellorar e reforzar aqueles coñecementos ou procedementos onde detecta a dificultade.

Así, faranse as seguintes actividades:

- Traballos específicos e personalizados para reforzar os contidos onde se presentan dificultades.
- Explicacións teóricas para ese alumnado en horas fóra de clase.
- Traballo en coordinación co departamento de orientación.

En calquera caso, o profesor pode decidir de maneira excepcional repetir probas obxectivas nas que non se acadaran os obxectivos.

## **5.17.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBRO DE TEXTO**

Nestes anos de recortes e de tantas fatigas económicas nas familias decidimos deixar de establecer un libro de texto obrigatorio. Seguimos considerando que o mellor manual é *Grego 1 e 2* da editorial Baía e da autoría de José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde da Cal Cortina. Nel combínanse amenamente todos os coñecementos que se pode aspirar a que dominen os alumnos en dous cursos, e del seguiremos empregando a súa base informática.

Ademais empregaremos outros manuais e libros de exercicios dos que extraeremos distinto material para traballarmos na aula. Citamos, a continuación, algúns dos máis utilizados:

Lucas, José M<sup>a</sup> e Pedrero Sancho, Rosa, *Antología de iniciación al griego*, UNED, Madrid, 1992  
Berenguer, J. *Hélade I*. ed. Bosch. Barcelona.  
J.A.C.T. *Reading Greek*. Cambridge University Press.1979.  
Lesky, A. *Historia de la literatura griega*. Gredos.  
Ruck, C. *Ancient Greek. A new approach*. Massachusetts Institute of Technology.  
Jaeger, W. *Paideia*. F.C.E. Madrid.

Outros materiais:

- Poderán servirse de todos os libros do seminario, así como dos que eu lles poida facilitar.
- Pasareilles, asemade, follas ciclostiladas con textos, esquemas, exercicios...
- Mapas e diapositivas do Departamento de Xeografía e Historia.
- Películas de temática clásica: *Medea, Troia, Edipo, Odisea...*

## 5.18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Por mor da pandemia, durante o presente curso escolar este departamento non promoverá ningunha actividade complementaria ou extraescolar.

## 5.19.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE POR PARTE DO ALUMNO.

Competencia	Indicadores de logro
-------------	----------------------

CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Responde ao que se pregunta de forma xustificada, con corrección gramatical, tanto de forma oral como por escrito.</li> <li>▪ Redacta con corrección ortográfica e gramatical, con caligrafía lexible.</li> <li>▪ Utiliza de maneira oportuna o vocabulario apropiado relacionado cos contidos abordados neste curso.</li> <li>▪ Le de maneira comprensiva, interpretando correctamente o sentido dos textos.</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpreta correctamente os gráficos para sacar as conclusións pertinentes.</li> <li>• Presenta a resolución dun problema de forma estruturada e razoada.</li> <li>• Manexa correctamente a linguaxe matemática.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Usa de maneira eficiente os buscadores para atopar información na rede.</li> <li>• Elabora documentos ben presentados utilizando o procesador de textos.</li> <li>• Elabora presentacións sinxelas como ferramenta de traballo.</li> <li>• Manexa o correo electrónico para intercambiar información co profesor ou cos compañeiros.</li> <li>• Xestiona os seus arquivos nun espazo de almacenamento.</li> </ul>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorpora as correccións sinaladas polo profesor en tarefas posteriores.</li> <li>• Aporta solucións propias ás incidencias que se presentan habitualmente na realización dun proxecto ou na propia aula.</li> <li>• Elabora representacións conceptuais propias, en forma de esquemas ou resumos.</li> <li>• Distingue as ideas principais das secundarias en textos de diferentes clases.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respecta as normas da aula e do centro en xeral, tanto no que se refire á seguridade como á limpeza e conservación.</li> <li>• Participa activamente nos traballos en grupo.</li> <li>• Mantén en orde o seu material de traballo.</li> <li>• Asume as responsabilidades que lle corresponden como alumno, tanto a nivel individual como dentro dun grupo de iguais.</li> <li>• Respecta aos demais membros da comunidade educativa.</li> </ul>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma a palabra de xeito pertinente e oportuno para facer comentarios ou preguntas.</li> <li>• Lidera ou organiza as tarefas que implican o traballo en grupo.</li> <li>• Propón alternativas factibles e pertinentes ás tarefas asignadas polo profesor.</li> </ul>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece a importancia da literatura como expresión artística.</li> <li>• Preocúpase pola estética das súas creacións.</li> <li>• Identifica as tecnoloxías da información e a comunicación como vía de intercambio e enriquecemento cultural.</li> </ul>
<p><b>CCL:</b> C. Comunicación Lingüística; <b>CMCCT:</b> C. Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía; <b>CD:</b> C. Dixital; <b>CAA:</b> Aprender a aprender; <b>CSC:</b> C. Sociais e Cívicas; <b>CSIEE:</b> Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; <b>CCEC:</b> Conciencia e Expresións Culturais.</p>	

## **5.20.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

En diferentes momentos ao longo do curso, faráselles chegar aos alumnos información sobre certos aspectos da programación. Ao inicio do curso comunicaráselles de forma esquemática a secuencia de unidades que serán impartidas ao longo do curso de acordo coa programación.

Ao inicio de cada avaliación serán informados de xeito detallado sobre os seguintes puntos:

- Unidades impartidas en cada avaliación , especificando cada un dos seus puntos.
- Temporalización e secuencia das diferentes actividades programadas, incluídas as actividades de avaliación.
- Información precisa acerca dos criterios de avaliación e cualificación, incluíndo as porcentaxes de ponderación asignados a cada unha das probas e actividades de avaliación e o sistema de recuperación.

Ao final de curso recollerase a valoración do alumnado sobre certos aspectos da programación: preferencia polas diferentes unidades, polas diferentes actividades levadas a cabo e suxestións sobre algúns aspectos dos temas tratados ou de outros novos do seu interese. Esta información engadirase á avaliación da propia programación.

A toma de datos e información necesaria para este proceso de avaliación farase a partir de varias fontes:

- Estatísticas de resultados e cualificacións do alumnado do centro, interpretadas como porcentaxes de consecución de obxectivos.
- Redacción da memoria final do curso, onde se especificarán o total das unidades impartidas, así como as posibles modificacións, se fose o caso, introducidas na programación e os motivos de ditas modificacións.
- Datos da valoración da programación por parte dos alumnos recollidos a través de enquisas.

A partires das anteriores fontes de datos, e durante o curso, o departamento aplicará diferentes instrumentos de avaliación que permitan valorar de forma correcta aspectos como:

- Idoneidade da secuencia de contidos.
- Axeitada ponderación dos contidos que integran cada bloque.
- Temporalización acaída das diferentes unidades.
- Adecuación dos instrumentos e criterios de avaliación aos estándares de aprendizaxe.

Usarase un cuestionario como o seguinte para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente e os resultados constarán na memoria final de curso.

<b>DIVERSIDADE</b>	1	2	3	4	Propostas de mellora
Ao principio do curso fíxose algún tipo de actividade para coñecer a composición da clase.					
Tense en conta a diversidade á hora de organizar a clase e crear grupos.					
Dáselle a cada alumna ou alumno a información que necesita.					
Créanse actividades de diferentes niveis.					
Adáptanse as actividades ao alumnado que se afasta da media tanto por arriba como por abaixo.					
<b>PROGRAMACIÓN DE AULA</b>					
Tense en conta a programación á hora de planificar as clases.					
Recóllense e arguméntanse as modificacións respecto á programación do curso.					
Déixase claro ao alumnado que se vai facer en cada unidade de traballo e como vai ser avaliada.					
<b>ACTIVIDADES NA AULA</b>					
Propóñense agrupamentos diferentes (individuais, parellas, pequeno grupo, gran grupo...)					
Deséñanse actividades variadas (lectura, análise, investigación, creación, debate...)					
Propóñense actividades que promoven a autonomía na aprendizaxe.					

Utilízanse ferramentas diversas (libros de consulta, libros de lectura, TIC...)					
Pásase a maior parte do tempo da clase con explicacións teóricas.					
Pásase a maior parte do tempo da clase pedindo a atención do alumnado.					
Adícase a maior parte do tempo a promover que o alumnado faga actividades diversas.					
<b>AVALIACIÓN</b>					
O alumnado está sempre informado de como será a avaliación antes de comezar cada traballo, proxecto ou unidade nova.					
Utilízanse diferentes tipos de probas para avaliar (exposicións, exames, traballos, debates...)					
Prográmanse plans de recuperación para aquelas alumnas ou alumnos que non alcanzan os obxectivos mínimos.					
A avaliación está baseada nas competencias clave.					

**Segundo de Bacharelato**

**Horas semanais: catro**

**Número de alumnas: catro**



**6.0.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

**6.1.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

**6.2.- OBXECTIVOS.**

**6.3.- UN CURSO ESPECIAL: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, EDUCACIÓN A DISTANCIA.**

**6.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ERA COVID.**

**6.5.- CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES RELACIONADOS COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE NA ERA COVID.**

**6.6.- ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO. TEMPORALIZACIÓN.**

**6.7.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.**

**6.8.- METODOLOXÍA.**

**6.9.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

**6.9.1.- AVALIACIÓN INICIAL.**

**6.9.2.- AVALIACIÓN ORDINARIA.**

**6.9.3.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

**6.9.4.- ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES (PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS).**

**6.10.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ERA COVID.**

**6.11.- PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.**

**6.12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

**6.13.- ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

**6.14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.**

**6.15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.**

**6.16.- ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN.**

**6.17.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBRO DE TEXTO.**

**6.18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

**6.19.- INDICADORES DO LOGRO PARA AVALIAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE POR PARTE DO ALUMNO.**

**6.20.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

## 6.0.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A nosa civilización é froito dunha longa tradición que inclúe herdanzas de pobos e culturas moi diversos. Pero, por formar parte da cultura occidental, ten unha débeda esencial -no senso estrito do termo- coa cultura grega. Parece evidente que o xeito máis práctico e máis formativo de achegarse á Grecia antiga é a través do estudo da súa lingua. Isto quere dicir que a aprendizaxe da lingua é un obxectivo en si mesmo, pero é, tamén, e sobre todo, un instrumento para introducir as alumnas e os alumnos no coñecemento do mundo clásico.

Os contidos propostos para Grego céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en catro bloques:

1. Estudo progresivo das características da lingua grega. A adquisición dunha competencia lingüística demanda a utilización dunha metodoloxía progresiva en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e en que a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase. O feito de traballar con textos orixinais obrigará, tamén, a explicar ás veces formas nominais, verbais ou estruturas sintácticas estrañas ou inusitadas. Abondará nestes casos cunha explicación breve que axude á resolución da actividade en que aparezan.

2. Comprensión e interpretación de textos gregos. Os textos, que son o obxecto principal da materia, seleccionaranse entre autores de diferentes épocas e xéneros literarios, presentándoos tanto na súa forma orixinal, coas adaptacións necesarias para facilitar a súa comprensión, como en traducións. O profesorado poderá servirse tamén de textos elaborados graduados que faciliten o acceso progresivo aos textos orixinais. A práctica da tradución de textos gregos debe contribuír tamén á reflexión sobre a lingua propia, buscando a correcta adecuación entre as estruturas lingüísticas de ambas as linguas.

3. Estudo do léxico grego e a súa continuidade en galego, castelán e outras linguas modernas. O estudo e aprendizaxe do léxico constitúe un instrumento para a comprensión e tradución de textos, ao mesmo tempo que contribúe a enriquecer o vocabulario, mostrar os mecanismos de formación de palabras e valorar a transcendencia do préstamo lingüístico como parte do legado cultural achegado polo pensamento grego.

4. A aproximación a Grecia e ao seu legado debe facerse cun enfoque global e vinculado á aprendizaxe da lingua. Centrará a súa análise no antropocentrismo e androcentrismo grego para tentar comprender a mentalidade e a dimensión social e individual do home grego a través da súa proxección nas institucións, na arte e na literatura na Grecia antiga e valorar a tradición clásica e a súa continuidade nas sociedades actuais. Por outra banda, o estudo da cultura e civilización gregas facilitaralle ao alumnado as claves necesarias para situarse no contexto literario, histórico e artístico adecuado. Preténdese que se interese por coñecer as orixes da nosa cultura e que analice e valore dunha forma crítica as realidades do mundo contemporáneo e os antecedentes e factores que inflúen nel. A historia do pensamento en Grecia formula moitas das interrogantes do ser humano, que forman parte do noso acervo e serven como guía de desenvolvemento do pensamento occidental. Ademais, permite comprender os elementos fundamentais da investigación e das metodoloxías científicas.

O desenvolvemento destes contidos ha ter unha aplicación esencialmente práctica orientada tanto á competencia lingüística en grego coma a un coñecemento crítico da Grecia antiga.

Ao primeiro curso corresponde a asimilación dos contidos básicos de lingua e de cultura. Ao segundo, a súa consolidación e ampliación, cun tratamento específico da literatura, os xéneros e os autores e autoras, que contribúa a profundar nas raíces gregas da nosa cultura.

A materia de Grego no Bacharelato debe proporcionar ao alumnado unha base lingüística e cultural que lle facilite a orientación e o acceso a carreiras de Humanidades. Por outra banda, debe contribuír á madurez persoal mediante o desenvolvemento das calidades que potencia o humanismo grego, como son o espírito crítico, a curiosidade intelectual, a autorreflexión, etc.

## **6.1.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Segundo o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O bacharelato forma parte da educación secundaria, na fase postobrigatoria e ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como capacitarse para o acceso á educación superior.

A materia de Grego contribuirá a desenvolver no alumnado as competencias que lle permita:

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
4. Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal.
5. Dominar, tanto na expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar eficazmente e con responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato elixida.
10. Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto do medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.
12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social e impulsar condutas e hábitos saudables.

14. Reforzar actitudes de respecto e de prevención no ámbito da seguridade viaria.

15. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

As contribucións desta materia á **competencia en comunicación lingüística (CCL)** son importantes. A través da tradución, da lectura comprensiva de textos variados, da busca e tratamento da información obtida, así como a síntese para a expresión oral e escrita, contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística.

A lectura comprensiva dunha realidade certamente afastada do contorno do alumno, a comprensión duns conceptos totalmente novos e a necesidade ineludible de aprender a expresalos dunha forma ordenada ten un valor moi estimable. Pero se por algo destaca esta materia no eido da lingua é por ser un instrumento inmejorable para a adquisición dun vocabulario pasivo e activo baseado nos termos que se expliquen ao longo do curso, incluídos os seus compoñentes e as regras de combinación. A introdución breve ao estudo diacrónico das linguas, incluído entre os obxectivos, contribuirá a unha percepción máis matizada do que é un sistema lingüístico.

A percepción do contorno propio como o único posible limita a capacidade do alumnado de facerse preguntas que poidan levalos a unha relación co contorno máis produtiva e gratificante. O contacto con culturas dotadas doutras inquiredanzas, doutros valores e dou tras relixións fará que relativicen as súas propias certezas e sexan quen de analízalas criticamente. Máxime nestas que, en tantos aspectos xeográficos, económicos, artísticos e organizativos, seguen a estar presentes no mundo actual, servindo de nexo entre a meirande parte dos países do mundo que nos rodea. O coñecemento de como se serviron do contorno, de como aproveitaron os recursos naturais, de como os transformaron, posibilitará unha meirande facilidade para o coñecemento e a interacción co mundo físico.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** ten escasa virtualidade na nosa materia. De todos os xeitos afondaremos nela cando traballemos coa nomenclatura romana e mais co calendario. Igualmente seranos de utilidade cando avancemos nos logros científicos e técnicos dos mundos grego e romano.

A **competencia na expresión cultural e artística** foméntase mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura, da arte en xeral que debe dar un leve sustento teórico ao que é o comezo do aprecio e do goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia. Cóntase, así, con referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspira das na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.

O uso crítico da rede como fonte de información, o emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula, servirán para completar a achega da cultura clásica á adquisición da **competencia dixital (CD)**. As actividades relativas á recollida, selección e análise da información, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas

principais e secundarias achegan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal.

O estudo dos elementos básicos da lingua grega, na medida en que propicia a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, inciden no logro da **competencia de aprender a aprender (CAA)**.

Contribúen á adquisición das **competencias sociais e cívicas (CSC)** o coñecemento das institucións e o modo de vida dos gregos como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividades, no ámbito e no contorno dunha Europa diversa unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina. Paralelamente, o coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Implícase así o alumnado nunha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Doutra parte, se o traballo é cooperativo, impúlsase o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión.

Contribúe ao desenvolvemento do **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** na medida en que se utilizan procedementos que exixen planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corraxilos e non se render ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

A **conciencia e expresións culturais (CCEC)** foméntase mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura, da arte en xeral que debe dar un leve sustento teórico ao que é o comezo do aprecio e do goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia. O coñecemento dos restos arqueolóxicos do contorno debe axudar a aprender a valorar as obras do pasado e a apreciar os esforzos pola súa conservación. Cóntase, así, con referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspiradas na cultura e na mitoloxía gregas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.

## 6.2.- OBXECTIVOS

Segundo o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, debemos fixarnos uns obxectivos para o bacharelato. Este contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.



- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 6.3.- UN CURSO ESPECIAL: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, EDUCACIÓN A DISTANCIA.

O curso pasado puxo a proba a todo o sistema educativo. En poucos días administración, direccións, profesorado, alumnado e familias deberon adaptarse a unha nova realidade. De todo o aprendido tiraremos partido nesta nova andaina.

Polo visto até agora parece que todas as administracións van tratar de garantir o dereito a unha educación presencial ao longo de todo o curso. A tal fin as direccións dos centros xa sentaron as bases das distancias de seguridade durante un verán convulso, con instrucións que mudaban case cada semana.

A presente programación nace ideada para un curso cun 100% de presencialidade, pero non se poden descartar outros escenarios. Por ese motivo, desde o primeiro momento todo o material didáctico estará a disposición do alumnado na Classroom do centro (e en paralelo e de xeito progresivo na Aula Virtual). Da mesma maneira, mantemos activa esa mesma plataforma coa súa variante de videoclases (Meet) e xa activamos a plataforma Cico webex. Ambas as dúas plataformas permitirannos unha docencia telemática.

Así pois, e tal e como se nos reclama nas instrucións de 30 de xullo sobre posíbeis escenarios educativos no curso 2020-2021, contemplamos as seguintes modalidades:

### a.- Presencialidade

Manteríase o ritmo normal dun curso normal.

### b.- Semipresencialidade

Non tería demasiado sentido no caso dun grupo coma este de Grego II que unicamente conta con catro alumnas. Non contemplamos a posibilidade de lle dar clase presencial a unha das alumnas mentres as outra a reciben por vía telemática desde o seu domicilio, agás que algunha resulte confinada por dar positivo nunha PCR. De se dar o caso, habilitaríase o mecanismo para poder retransmitir en streaming a clase presencial. Se os medios á nosa disposición non fosen abondos para esta docencia simultánea, o profesor da materia comprométese a duplicar o seu horario en Grego II e desenvolvería esas clases para alumnado confinado en horario vespertino.

c.- Educación a distancia ou telemática.

Xa quedaron sentadas as bases desde o pasado curso. De feito xa están activos os protocolos para detectar deficiencias na conectividade do alumnado.

Neste caso a Classroom ou a Aula Virtual (para descargar o material didáctico) e as plataformas Meet e Cisco Webex (para as videoclases) converteranse en aliados indispensábeis. Deberemos insistir na necesidade de conservar o horario orixinal sen que se sufrira merma no número de sesións semanais (4). Non se pode argumentar a fatiga ou a desconcentración do alumnado. Este debe ser consciente de que se trata de manter a normalidade do ritmo académico.

Desde o primeiro momento todo o material textual co que traballemos no curso estará a disposición do alumnado na tanto na Classroom como na AV. De se producir o confinamento, habilitaremos un mecanismo para que alumnado e familias poidan saber semanalmente cales son as tarefas que se encomendaron. Desde a Dirección do centro propónsenos unha táboa excell similar á empregada no pasado curso. Nela o profesorado volcará toda a información necesaria para que as familias fagan un correcto seguimento da marcha dos seus fillos e fillas.

A corrección das probas (formularios) realizarase diariamente. Se un hipotético confinamento tiver lugar en período próximo a unha avaliación, non descartamos a posibilidade de que algún exame se teña que facer, coas debidas garantías, por vía telemática. En calquera caso, consideramos que sería máis lóxico facer as oportunas adaptacións da programación unha vez se dean as condicións de excepcionalidade.

## 6.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ERA COVID

2º de bacharelato

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Lingua grega				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 2. Morfoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>			gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 3. Sintaxe				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Usos modais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Oración composta. Formas de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Coñecer as funcións das formas non</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	subordinación.	persoais do verbo.	<p>verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> <li>▪ GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 4. Literatura				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.</li> <li>▪ GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>			contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d * i</li> <li>▪ e * n</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 5. Textos				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Uso do dicionario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a * h</li> <li>▪ n * e</li> <li>▪ d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d n	▪ B5.5. Identificación das características formais dos textos.	▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos.	▪ GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	▪ CCL
Bloque 6. Léxico				
d e f	▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	▪ B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.	▪ GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	▪ CCL
d e f	▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	▪ B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	▪ GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	▪ CCL
d e f n	▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	▪ B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	▪ GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	▪ CCL
			▪ GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	▪ CCL
d * n e f	▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	▪ B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	▪ GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	▪ CCL
d e f	▪ B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪ B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	▪ GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	▪ CCL
d e f	▪ B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.	▪ B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	▪ GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	▪ CCL
			▪ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos	▪ CCL



Grego II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	

Até aquí os criterios de avaliación que se propoñen para un curso de Grego II con características normais. Neste curso COVID tan especial unha parte importante da primeira avaliación ten que se dedicar a tratar aqueles paradigmas morfolóxicos que non foron traballados no pasado curso. Procuraremos facelo á calor dos propios textos que se propoñan en 2ª Bach. de maneira que non se provoquen excesivas dilacións. Tal e como se significou no documento de adaptacións que se elaborou o curso pasado, deberemos asentar os seguintes apartados morfolóxicos:

- 1.- Temas en nasal.
- 2.- Temas en líquida.
- 3.- Temas en silbante.
- 4.- Temas en vogal e ditongo.
- 5.- Comparativos e superlativos.
- 6.- Verbos contractos.
- 7.- Verbos en -μι.

A asimilación destes paradigmas comprobarase nos textos escollidos na primeira avaliación.

## 6.5.- CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES RELACIONADOS COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE NA ERA COVID.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>	Situar correctamente nun mapa mudo as principais áreas dialectais do grego..
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>	Realización de exercicios comparando formas de grego clásico e moderno
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Ler textos en grego moderno coa fonética clásica e a actual.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Declinar conxuntamente substantivos e adxectivos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Identificar formas verbais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Recoñecer as diferentes categorías gramaticais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Recoñecer os diferentes formantes das palabras

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Detectar a forma morfolóxica das palabras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferenciar os valores dos casos en contextos concretos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distinguir os diferentes usos preposicionais coa axuda do dicionario.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Saber distinguir os distintos usos modais do grego.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Entender o concepto de coordinación e subordinación.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecer, coa axuda do dicionario, os diferentes nexos subordinantes do grego e as formas verbais con que se constrúen.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</li> <li>GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traducir correctamente frases con infinitivo e participio.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Raducir estruturas de infinitivo non concertadas e de participio absoluto.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Traducir substantivas de participio e contrucións persoais de infinitivo.</li> </ul>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
	en galego e castelán.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>	Distinguir textos polo xénero literario ao que pertencen:  Controlar as características básicas das lecturas do curso: <i>Iliada</i> , <i>Líricos (Arquíloco, Safo, Alceo)</i> , <i>Edipo rei</i> e <i>As asembleístas</i> .
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCEC</li> </ul>	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>	Saber distinguir en textos actuais as pegadas dos xéneros clásicos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	Saber distinguir en textos actuais as pegadas dos xéneros clásicos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>	Relacionar autores con textos e época.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Analizar morfolóxica e sintacticamente os textos a traducir.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> </ul>	Ulizar racionalmente o dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>	Comentar textos nos planos lingüístico, literario e histórico.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>	Recoñecer contexto no texto traducido.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. Identificar as características formais dos textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Recoñecer o xénero literario a que pertence un texto.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Citar e explicar helenismos relacionados con étimos do texto.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Relacionar helenismos propostos con étimos do texto traducido.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Deducir significados a partir de helenismos.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Relacionar familias léxicas e campos semánticos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Distiguir entre voces patrimoniais, cultismos e neoloxismos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Relacionar familias léxicas e campos semánticos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Distiguir entre voces patrimoniais, cultismos e neoloxismos.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Mínimos esixibles
propia lingua.	patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Segmentar palabras indicando que información aporta cada elemento constitutivo.
	<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	

Hai xa varios cursos, desde EPOS, a Asociación galega de profesores de Grego, elaborouse unha listaxe de normas que, ao recibir o visto e prace do coordinador/-a da materia, guían o noso traballo. Aínda que este acordo sexa tácito e dadas as especiais características dun curso no que, a estas alturas, aínda non sabemos se vai haber ou non reválida e que características pode ter esta, desde aquela nós presentamos textos que se atean a estas características:

#### a.- Flexión nominal:

1. A primeira e segunda declinacións completas, incluídas as formas contractas. Exceptúase a declinación ática que se procurará que non apareza ou, en todo caso, que apareza en nota.
2. A terceira declinación completa. Terase en conta, non obstante, a especial dificultade que presentan os temas en -ευ, -αυ e ditongo (substantivos e adxectivos): evítanse destas palabras as formas das que o caso non estea clarexado por unha forma de artigo ou de adxectivo; de non ser posible, poranse en nota.
3. Os substantivos e adxectivos irregulares máis comúns poderán, tamén, ser obxecto de exame.
4. Os comparativos e superlativos entran todos. Dado que as formas irregulares máis comúns aparecen no dicionario, non parece necesario explicalas en nota, agás casos especialmente chamativos sobre os que decidirá o examinador. En todo caso, anotaranse as formas heteróclitas.
5. Non haberá restricións con respecto a numerais, determinantes e pronomes. Non obstante, transcribíranse e explicarán en nota as unidades gregas e os símbolos numéricos.

#### b.- Flexión verbal:

1. Os verbos **εἰμί**, **λύω** e todos os que se conxugan coma eles e mais os contractos entran completos. Procurarase, en todo caso, evitar formas moi infrecuentes ou moi polivalentes que poderán ser obxecto de nota.

2. Aínda que é obvio que os alumnos de 2º deben manexar con soltura o mecanismo da composición verbal, do aumento e da reduplicación, procurárase evitar formas demasiado complicadas, ou alteradas por procesos fonéticos que enmascaren a natureza do verbo. Se non é posible evitalas, explicaranse en nota. Evitarase a reduplicación ática.
3. A experiencia di que os alumnos se manexan ben cos verbos consonánticos agás no tema de perfecto, polo que sería interesante evitar estes últimos ou explicalos en nota.
4. Dos tempos chamados segundos ou fortes os alumnos deben coñecer e traballar con soltura cos aoristos radicais temáticos que non presenten irregularidades. O resto de formas e temas constitúe un proceloso mar onde naufragan nun 95% dos casos de forma estrepitosa.
5. Os verbos en –μι parece evidente que non se poden excluír da programación, pero o certo é que a experiencia di que se explican tarde e deprisa e que se entenden mal e se estudian peor. Cremos que se deben incluír os presentes de indicativo en todas as voces e aquelas formas que pola súa similitude con formas doutros verbos que se teñan estudiado sexan facilmente recoñecibles polos estudantes. É evidente que unha forma de evitar problemas é reducir a presenza destes verbos ao mínimo.
6. Verbos como οἶδα ou φημί poderán, menos nas súas formas máis habituais, ser obxecto de exame.
7. Resulta imposíbel que os alumnos poidan asimilar ademais do anterior, da sintaxe, do vocabulario e da práctica da tradución, os verbos irregulares, os aoristos radicais atemáticos ou calquera outra forma verbal non especificada arriba; polo que se evitarán ou, cando menos, se explicarán polo miúdo en nota.

#### **c.- Sintaxe:**

1. As oracións simples, o réxime dos casos, o valor e uso das preposicións, a concordancia, a voz pasiva, o uso máis sinxelo de participios e infinitivos, as proposicións coordinadas e, en definitiva, toda a sintaxe máis elemental poderá ser obxecto de exame.
  2. As subordinadas de relativo de estrutura sinxela poderán aparecer. Evitaranse construcións con atracción do relativo. Se aparecen, deberán ser explicadas en nota.
  3. O xenitivo absoluto poderá aparecer, pero procurárase que tal construción sexa evidente. Se non é así, advertirase en nota de que se trata.
  4. Os alumnos adoitan coñecer perfectamente o mecanismo do optativo oblicuo, pero a experiencia di que é raro que o identifiquen nun texto. Bastará, por tanto, con sinalárllelo.
  5. Os períodos longos, a hipotaxe, participios e infinitivos encadeados, etc. son polo xeral o maior problema que atopa un alumno á hora de analizar un texto. Non só será curto o texto (a lonxitude que adoitan ter é ideal), senón que serán curtas, tamén as frases que o compoñan. Cunha ou, máximo, dúas formas verbais por liña é suficiente para comprobar o nivel do alumnado e facilítase enormemente o seu traballo.
  6. Sinalárase o dativo posesivo.
  7. En canto á subordinación, limitarase a completivas moi sinxelas, proposicións de relativo(v. 2), participios, subordinadas de infinitivo breves e sinxelas.
- Pódese incluír algunha subordinada temporal faciliña e, quizais, algunha final. Evitaremos a subordinación máis complicada.

8. Quedan excluídas as condicionais, se non teñen a estrutura máis elemental posíbel. Dado que nos razoamentos de Platón son especialmente frecuentes, deberá extremarse o coidado neste punto. É conveniente, tamén, restrinxir ao mínimo as interrogativas indirectas.

#### **d.- Vocabulario**

1. A revisión minuciosa por parte do examinador no dicionario do vocabulario que aparece no texto ten que ser prioritaria, e deberá intentar prever os erros de uso dos alumnos para tentar solventalos con notas.
2. Os nomes propios deberán aparecer transcritos en nota cunha sucinta explicación (a pesar de que a transcripción é practicada en clase con tanta constancia como inutilidade).
3. Porase nota nas palabras susceptibles de seren confundidas con homógrafos.

#### **e.- Preguntas:**

Creemos que as preguntas que se veñen propondo nos últimos anos están francamente ben: unha análise sintáctica, unha pregunta de contido histórico ou literario sobre os autores e obras propostos para o curso, unha pregunta sobre a pervivencia do vocabulario grego en galego e unha sobre as lecturas obrigatorias.

Non obstante, propoñemos que o nivel de dificultade do vocabulario sexa máis uniforme: por exemplo, en xuño de 2004 preguntábase pola etimoloxía de “igreja” que é moi doada, pero tamén por crematística. Seguro que todos os compañeiros de grego explicamos esta palabra, e seguro que ningún alumno a coñece.

Nas preguntas sobre as lecturas obrigatorias sería conveniente prescindir de enunciados demasiado teóricos ou que exixan unha interpretación para a que os alumnos non adoitan estar preparados; do tipo Valores do heroe homérico, Espíritu da Ilíada e centrarse máis en contidos (non necesariamente argumentais).

#### **f.- Textos:**

Procurarase que os textos de Xenofonte pertencen as obras históricas e cinxir os textos de Platón as dúas ou tres obras máis habituais en clase (Apoloxía, Critón e algunha outra).

Estes son os mínimos exixíbeis cos que o alumnado, si ou si, se debe presentar ás probas ABAU. Dificilmente poderemos facer unha poda neste contidos por moi negativa que sexa a situación provocada pola pandemia; menos aínda sen contar cos criterios establecidos pola Universidade. Como moito poderemos acollernos a un incremento na opcionalidade similar ao que se produciu na anterior convocatoria. Pero ese aumento das opcións non implica unha merma, en ningún caso, nos contidos do curso.



## **6.6.- ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO.**

Bloques	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp.
Bloque 1. Lingua grega	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.</li> </ul>	Situar nun mapa mudo os principais dialectos gregos.	½ sesión
Bloque 1. Lingua grega	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.</li> </ul>	Comparar distintos estadios históricos de lingua grega.	½ sesión
Bloque 1. Lingua grega	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.</li> </ul>	Investigación en Internet: diacronía do grego.	1 sesión
Bloque 2. Morfoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.</li> </ul>	Repasar as declinacións e traballar os modelos irregulares	2 sesións
Bloque 2. Morfoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.</li> </ul>	Realizar exercicios de identificación de morfoloxía verbal.	2 sesións
Bloque 2. Morfoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	Analizar morfoloxicamente a declinación nominal e pronominal.	1 sesión
Bloque 2. Morfoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	Analizar morfoloxicamente categorías verbais.	1 sesión
Bloque 2. Morfoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	Analizar morfoloxicamente palabras indeclinábeis.	1 sesión
Bloque 3. Sintaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.</li> </ul>	Analizar sintacticamente estruturas sintagmáticas básicas.	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.</li> </ul>		
Bloque 3. Sintaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Usos modais.</li> </ul>	Distinguir usos do subxuntivo e do optativo. Diferenciarr os usos de ᾗ.	2 sesións
Bloque 3. Sintaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	Analizar sintacticamente frases simples e compostas	3 sesións
Bloque 3. Sintaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.</li> </ul>	Analizar sintacticamente estruturas de infinitivo e participio.	4 sesións
Bloque 3. Sintaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.</li> </ul>	Analizar sintacticamente estruturas con nexos subordinantes.	5 sesións
Bloque 3. Sintaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos</li> </ul>	Analizar sintacticamente e traducir.	Todas as sesións
Bloque 4. Literatura	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	Ler e comentar <i>a Illada</i> .	4 sesións
Bloque 4. Literatura	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	Ler e comentar fragmentos de Arquíloco, Alceo e Safo.	4 sesións
Bloque 4. Literatura	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	Ler e comentar <i>Edipo rei</i> .	4 sesións

Bloques	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temp.
Bloque 4. Literatura	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	Ler e comentar <i>As asembleístas</i>	4 sesións
Bloque 5. Textos	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.</li> </ul>	Traducir textos de dous autores: Xenofonte e Platón	Todas as sesións.
Bloque 5. Textos	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Uso do dicionario.</li> </ul>	Aprender a usar o dicionario: como buscar aoristos radicais no dicionario, como consultar formas verbais específicas, como distinguir semanticamente a entrada activa do uso medio...	Todas as sesións
Bloque 5. Textos	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.</li> </ul>	Comentar textos de Platón e Xenofonte.	Todas as sesións.
Bloque 5. Textos	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.</li> </ul>	Recoñecer os contextos en que foron producidos os textos traducidos.	Todas as sesións
Bloque 5. Textos	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. Identificación das características formais dos textos.</li> </ul>	Identificar as características formais dos textos traducidos	Todas as sesións
Bloque 6. Léxico	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.</li> </ul>	Formar listaxes de étimos gregos, agrupándoos por familias léxicas e campos semánticos.	Todas as sesións
Bloque 6. Léxico	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.</li> </ul>	Indicar os helenismos máis frecuentes relacionados con esas familias e campos.	
Bloque 6. Léxico	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.</li> </ul>	Exprimir os helenismos que se poden extraer de todos os étimos aparecidos no textos traducidos.	
Bloque 6. Léxico	<ul style="list-style-type: none"> <li>B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.</li> </ul>	Explicar o sentido dos helenismos aportados.	

## 6.7.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	Mapas mudos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.</li> </ul>	Lectura de textos gregos modernos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.</li> </ul>	Lectura de textos en grego moderno.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	Exercicios de concordancias ou declinacións conxuntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	Exercicios específicos de identificación morfolóxica de formas verbais, en principio sen dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.3.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.</li> </ul>	Fichas para identificar diferentes categorías gramaticais, en principio sen axuda de dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.</li> </ul>	Exercicios de procura no dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.</li> </ul>	Exercicios de procura no dicionario.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.</li> </ul>	Análise sintáctica e morfolóxica de todos os textos traducidos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.</li> </ul>	Análise sintáctica e morfolóxica de todos os textos traducidos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	Tradución de todos os textos propostos, prestando especial atención ao sentido dos usos modais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	Análise sintáctica de todos os textos traducidos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.</li> </ul>	Fichas específicas dos distintos tipos de subordinación gregos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</li> </ul>	Fichas específicas das construcións gregas con formas verbais non persoais: construcións de infinitivo concertado e non concertado; construcións persoais de infinitivo; participios concertado, absoluto, substativado, adxectivado; construcións completivas de participio.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	Fichas específicas con construcións de participio: participios concertado, absoluto, substativado, adxectivado; construcións completivas de participio.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	Análise sintáctica de todos os textos traducidos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</li> </ul>	Análise sintáctica de todos os textos traducidos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.</li> </ul>	Exames sobre as lecturas realizadas ao longo do curso: <i>Ilíada</i> , <i>Líricos</i> , <i>Edipo rei</i> , <i>Asemblearias</i> .
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.</li> </ul>	Fichas de relacións entre autores, obras e épocas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.</li> </ul>	Exames con aparición de textos para que se identifique autoría, obra e época.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.</li> </ul>	Lectura de textos literarios de diferentes épocas nas que se rastrexan as influencias gregas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.</li> </ul>	Lectura de textos literarios de diferentes épocas nas que se rastrexan as influencias gregas
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</li> </ul>	Fichas de relacións entre autores, obras e épocas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.</li> </ul>	Análise sintáctica e morfolóxica de todos os textos traducidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.</li> </ul>	Comprobación do uso coherente do dicionario en todos os textos traducidos. Exames con análise morfosintáctica e tradución.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.</li> </ul>	Comentario de todos os textos traducidos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.</li> </ul>	Identificación por contextos das obras traducidas ou lidas.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.</li> </ul>	Exames cunha pregunta específica sobre helenismos relacionados con étimos aparecidos no texto traducido.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.</li> </ul>	Exames cunha pregunta específica sobre helenismos relacionados con étimos aparecidos no texto traducido.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.</li> </ul>	Exames cunha pregunta específica sobre helenismos relacionados con étimos aparecidos no texto traducido.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.</li> </ul>	Fichas con listaxes de étimos gregos, agrupándoos por familias léxicas e campos semánticos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.</li> </ul>	Exames cunha pregunta específica sobre helenismos relacionados con étimos aparecidos no texto traducido.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.</li> </ul>	Fichas con cultismos, voces patrimoniais e neoloxismos para distinguir usos e valores.
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.</li> </ul>	Fichas de vocabulario para descompoñer os seus elementos constitutivos.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.</li> </ul>	<p>Fichas de helenismos compostos para segmentar e identificar o significado das súas partes.</p>

## 6.8.- METODOLOXÍA

Como, necesariamente, as primeiras semanas do curso se deben converter en repaso da gramática base do ano anterior, non sabemos con precisión canto tempo pode retardarse o acceso a unha tradución fluída do primeiro dos autores que escollamos do temario (seguramente o historiador Xenofonte). Conforme vaiamos avanzando entraremos en Platón, e iremos incorporando paulatinamente as características fundamentais da prosa ática, para que xa no segundo trimestre dispoñan da posibilidade de escoller nos exames algunha das opcións.

## 6.9.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, **competencias básicas**, **obxectivos**, **contidos** e os **criterios de avaliación**.

### ❖ 6.9.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar en setembro realizaranse exercicios variados, así como lectura, tradución e análise de textos para avaliar o grao de dominio dos contidos lingüísticos e culturais que se traballaron en Grego I. Estas tarefas versarán fundamentalmente sobre o corpus de morfoloxía nominal e verbal de Grego I. A corrección e comentario das mesmas, e tamén a interacción oral na aula proporcionarán datos suficientes para orientar o traballo na materia de 2º. Evidentemente este control non terá validez académica ningunha, pero servirán para detectar o mal que as vacacións de verán causaron no alumnado.

En caso de que algunha alumna amose un nivel insuficiente para afrontar o curso, realizarase un traballo específico de repaso ao longo do primeiro mes de curso: fichas con concordancias (primeira, segunda e terceira declinacións) e exercicios de identificación morfolóxica verbal. Unha vez adquirido o nivel axeitado (se é preciso con clases vespertinas), aplicaremos o ritmo normal da programación de Grego II.

### ❖ 6.9.2.- AVALIACIÓN ORDINARIA

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última destas avaliacións coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de maio.



### ❖ **6.9.3.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario que este ano, supoñendo que todo vaia ben, terá lugar no mes de xuño para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de maio. Na data que acorde o centro realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 4,5 para superalo. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva quedará lóxicamente coa materia pendente.

### ❖ **6.9.5.- ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.**

Consultar punto 6.10 Programa de recuperación.

## 6.10.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NA ERA COVID

### SISTEMA DE CUALIFICACIÓN E PONDERACIÓN

**Avaliación de Contidos:** O 100% da cualificación sairá dos exames a realizar en cada avaliación. Estes exames realizaranse sempre que for posíbel de xeito presencial. En caso de que se produza un confinamento total non quedará máis remedio que realizalos de xeito telemático, iso si, con todas as garantías das que dispoñamos.

A avaliación realizarase conforme vaia cumprindo fases da materia, de tal xeito que poidamos contar cun mínimo de tres referencias antes de chegar á xunta de avaliación.

Na puntuación dos exercicios escritos (tres mínimo por avaliación) aplicaremos os mesmos criterios que se empregaron o curso pasado na ABAU, sendo por tanto os tres exames que se fagan en cada avaliación das mesmas características que os propostos pola Universidade. Non haberá máis cualificación dos contidos que a extraída deses exames. Por tanto para aprobar a materia de cada avaliación será condición sine qua non unha media de 4,5 entre os exames realizados.

O profesorado de Grego II agarda que, ante a excepcionalidade que se plantea neste “curso COVID”, se manteñan como mínimo os mesmos criterios dos exames propostos o curso pasado. Aínda que hai unha proposta por parte do profesorado de secundaria, consistente en que a proba de selectivo se circunscriba a textos escollidos entre un corpo máximo de 50, nós, mentres non haxa unha nova comunicación por parte da Universidade, seguiremos aplicando o mesmo modelo do curso 2019-2020:

a.- Seis puntos serán aportados pola tradución do texto escollido, quer Platón, quer Xenofonte.

b.- Un punto sairá da análise morfolóxica ou da sintáctica dalgúns elementos do texto escollido para a tradución-

c.- Outro punto obterase da contestación a unha das preguntas de lectura: *Ilíada*, *Líricos*, *Edipo* e *As nubes*. Evidentemente só se poderá preguntar sobre as lecturas progresivamente traballadas en clase. Na primeira avaliación, *Ilíada*; na segunda, *Líricos* e *Edipo rei*; e na terceira, *As nubes*.

d.- Unha pregunta sobre léxico galego relacionado con étimos gregos aportará outro punto. Neste caso presentaranse 5 étimos (relacionados ou non co texto traducido) entre os que se escollerán tres para a súa resolución.

e.- O último punto poderá obterse contestando unha pregunta sobre os autores obxecto de tradución.

## CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Consideraremos que un alumno está en disposición de promocionar, isto é, de aprobar a materia de Grego II, cando:

- Teña aprobadas as tres avaliacións ordinarias.
- Teña aprobada a segunda e a terceira, malia suspender a primeira.
- Teña aprobada a terceira, malia suspender a primeira e a segunda. Neste último suposto enténdese que durante a última avaliación deu mostras abondas de dominar a materia obxecto de avaliación nos anteriores trimestres.
- Nos dous anteriores supostos dáse por descontado que o alumnado que suspendese algunha das dúas primeiras avaliacións fíxoo porque se detectaron eivas no seu progreso e se adoptaron medidas (entrega de fichas específicas, realización de traballos, controis sistemáticos...) que acaben garantindo a adquisición das competencias imprescindibles.
- Supere a proba final extraordinaria de xuño na súa totalidade. Deberá obter un 4,5 no conxunto da mesma.

## 6.11.- PROGRAMA DE RECUPERACIÓN

### 1. MATERIA DURANTE O CURSO

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, e polo tanto a superación dunha avaliación implicará a recuperación da anterior no relativo á parte lingüística da materia, en caso de estar suspensa. Para isto, en cada avaliación tentarase que existan probas escritas que recollan contidos da avaliación anterior, de maneira que se poida valorar a progresión do alumnado na materia e, se se seguen a detectar eivas no seu progreso, adoptaranse medidas (entrega de fichas específicas, realización de traballos, controis sistemáticos...) que acaben garantindo a adquisición das competencias imprescindibles.

Para os temas de Literatura e as correspondentes lecturas poderá haber unha proba de recuperación que se realizará durante os 15 días seguintes á entrega de notas.

## 6.12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Un dos principios básicos que debe ter en conta o profesor na aula é o da individualización do ensino, partindo sempre da situación inicial de cada alumno en concreto. Este, de forma única e individual, debe dispor dunha educación baseada na súa motivación, intereses e capacidades de aprendizaxe.

Propoñémonos daquela axustar a nosa axuda pedagóxica a cada alumno e alumna en concreto, elixir coidadosamente os recursos didácticos e variar sempre que sexa necesario a nosa estratexia metodolóxica.

Levaremos logo unha metodoloxía diversa. A tal efecto:

-Alternarase o traballo individual e, este ano, en grupos de dous.

-Realizarase un seguimento diario dos alumnos con dificultades.

-Empregarase material didáctico próximo aos seus intereses e, sobre todo, práctico.

-Non se comparará o alumno co grupo.

-En todo momento, estaremos abertos á realización de pequenas adaptacións, se así se require, pero tendo sempre como límite os propios contidos mínimos da materia e as exixencias que, ao final de curso, terán que superar todos aqueles alumnos que se presenten á reválida, sempre e cando sexa posíbel escoller a materia de Grego II nesta proba.. Con tal obxectivo seguiremos unhas pautas de traballo: determinación de que é o que o alumno non dá feito, determinación dos contidos a traballar e a metodoloxía a utilizar e comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Para dar resposta a esta diversidade proxéctase a realización de actividades ou exercicios acaídos e o abundantes e variados que for preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais ou léxicos traballados o curso anterior, tendo en conta que:

- Para os alumnos que presenten problemas na asimilación dos diversos contidos, prepararanse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos; para os temas culturais, pediráselles a realización de breves lecturas e esquemas destas, sempre acompañadas da axuda do profesor.
- Mentres se realizan estas actividades de recuperación, aqueles alumnos que acadasen satisfactoriamente os contidos propostos realizarán a tradución individual dos textos presentados.

Concederáselle gran importancia en todo momento ao traballo persoal e individual, en concreto, aplicarase nas actividades de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Por iso, os materiais didácticos non serán homoxéneos, en tanto en canto non se basean exclusivamente no libro de texto, senón que estarán escolmados integramente polo Departamento.

Os grupos de traballo que formemos serán flexíbeis e o ritmo levado por cadaquén será distinto, segundo necesite cada un máis ou menos reforzo.

Farase ao principio de curso unha avaliación inicial. Esta daranos información sobre os coñecementos que retivo o alumno do curso de Grego I. A partir desta información realizaranse todas as adaptacións individuais que se precisen.

Tense en mente unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- Exercicios sobre dificultades sintácticas específicas.
- Exercicios de helenismos ou transcripción.
- Preguntas concretas sobre as lecturas realizadas.
- Traducións de textos orixinais e elaborados, con diversos graos de dificultade.
- Estudos sobre a biografía e obra dos autores traducidos.

## 6.13.- ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

O carácter integral do currículo implica que se debe incorporar en todas as áreas -incluída a materia de Grego- o uso dunha serie de normas morais e sociais que lle permitan ao alumno/-a acoplarse á sociedade co maior grao de responsabilidade e de respecto cara a si propio e cara ás ideas e crenzas dos demais. Para logramos estes obxectivos insértanse os contidos transversais.

Na nosa materia tentamos definir cales destes contidos poderían entrar a formar parte do currículo e como se poderían concretar para as poder levar á práctica.

Con tal obxectivo definimos un planteamento metodolóxico que contén tres partes:

- a) presentación das condutas desde o prisma do mundo helénico (ben sexa a partir dos textos ou dos restos arqueolóxicos)
- b) reflexión acerca deses valores trasladándoos ao seu entorno habitual, e que sirvan para posicionar a cada membro a respecto deles
- c) implicación persoal do alumno/-a para incorporar eses comportamentos ao seu vivir cotián.

Os contidos transversais propostos serían:

### 1.- Educación social e moral:

É evidente que o mundo grego desde a perspectiva de ser o berce da cultura occidental pode aportar unha serie de normas éticas de convivencia, de hábitos e de actitudes individuais e colectivas, de valores, en definitiva, que, mesmo relegados ás veces, serven para que o alumnado logre a súa propia madurez persoal e social:

- Recoñecemento nos textos gregos de costumes e condutas que aporten un xeito de proceder cívico e/ou moral.
- Promover a reflexión sobre estes comportamentos, facendo parangón cos actuais e comprendendo e valorando a súa necesidade.
- Lograr un compromiso persoal para tentar que esas ideas (solidariedade, respecto, sinceridade...) se convirtan nunha conduta consistente e mantida na persoa.

Dado o moito que poden abranguer este tipo de valores, o seu desenvolvemento irase facendo en diversos bloques temáticos. Así, actitudes tais como o respecto polo espectro multilingüe e cultural do Estado Español ou a valoración e o respecto pola herdanza recibida, serán obxectivos a conquistar.

## 2.- Educación para a paz:

A sociedade actual parece pecar dunha grande dose de insolidariedade e egoísmo nas relacións interpersoais e mesmo chega a provocar brotes preocupantes de violencia, racismo...

Se isto obedece, como algúns apuntan, á actual crise de valores, o mundo helénico viría a encher ese oco desde a seguinte perspectiva:

- Recoñecer nos textos clásicos:

a) situacións que provocaron unha alteración do desenvolvemento pacífico da sociedade;

b) as aportacións de personaxes de calquera ámbito para solucionar os problemas e fomentar a paz e a convivencia entre os pobos.

- Considerar esas mesmas actitudes na sociedade actual, examinando con detención as causas que as producen e as solucións que se ofrecen.

- Motivar a corresponsabilidade de todos para afrontar feitos que atenten e violenten a liberdade e o respecto individual por razóns culturais, lingüísticas ou étnicas.

## 3.- Educación para a igualdade entre os sexos:

Se ben legalmente existen disposicións que impiden a comisión de feitos discriminatorios por razón de sexo, na práctica danse situacións que supoñen unha desigualdade social entre ambos sexos.

A materia de grego podería abordar o tema propondo valores tais como:

- Recoñecemento en textos clásicos de feitos de discriminación por razón de sexo.

- Reflexión sobre estas actitudes, tentando atopar paralelos no seu entorno habitual.

- Tentar un compromiso para evitar situacións -do tipo que sexa- que supoñan discriminación sexista, e para mostrar o rexeitamento ante aquelas outras da súa vida cotiá nas que se poida producir esa discriminación.

#### 4.- Educación ambiental:

Trátase de que o alumno valore o medio en que vive non só como beneficioso para el senón en grande medida para os nosos descendentes.

Dado que o medio ambiente implica todo aquilo que nos rodea, desde a área de Grego tentaríase presentarlle valores coma estes:

- Recoñecemento dos restos arqueolóxicos como patrimonio da humanidade.

- Reflexionar sobre a importancia e necesidade do seu mantimento e conservación no seu entorno natural para uso e disfrute de todas as xeracións.

- Compromiso e implicación persoal na súa conservación.

Valores tais poden ter unha acollida perfecta no apartado onde se trate a pegada e presenza da civilización grecolatina en Hispania e máis concretamente na Gallaecia.

## **6.14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.**

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da cultura clásica que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados etc. Neste senso, facilitarémolle ao alumnado os medios precisos para que poida traballar no ordenador.

Os ámbitos de fomento das TIC por parte deste Departamento serán os seguintes:

· Uso do correo electrónico por parte do profesor para distribuír materiais entre o alumnado que no precisan ser impresos.



- Utilización por parte do alumnado das súas contas de correo electrónico para o envío ao profesor de traballos e materiais non impresos.
- Consulta e busca de información na internet, tanto na aula multimedia ou de informática durante os períodos lectivos como na biblioteca nos recreos ou na propia casa.
- Uso do encerado dixital

## 6.15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Desde esta materia, e tendo en conta o **plan lector** do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino-aprendizaxe.
- Consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos (ou outro material complementario) que deben manexar nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.
- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función). Para isto, algunhas das actividades propostas poden ser:
  - Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
  - Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados co mundo clásico.
  - Lectura persoal dunha obra da literatura grega traducida e/ou adaptada.
  - Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
  - Elaboración dun vocabulario específico das linguas e cultura clásicas.

## 6.16.- ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

Se algún alumno ou alumna presenta dificultades no proceso de aprendizaxe durante o curso, o profesor levará a cabo un programa de recuperación destinado a mellorar e reforzar aqueles coñecementos ou procedementos onde detecta a dificultade.

Así, faranse as seguintes actividades:

- Traballos específicos e personalizados para reforzar os contidos onde se presentan dificultades.
- Explicacións teóricas para ese alumnado en horas fóra de clase.
- Traballo en coordinación co departamento de orientación.

En calquera caso, o profesor pode decidir de maneira excepcional repetir probas obxectivas nas que non se acadaran os obxectivos.

## 6.17.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBRO DE TEXTO

Non se utilizará libro de texto.

Todo o material que se empregue na clase poderá descargarse desde a Aula virtual do centro para así evitar o reparto de fotocopias.

Ademais empregaremos outros manuais e libros de exercicios dos que extraeremos distinto material para traballarmos na aula. Citamos, a continuación, algúns dos máis utilizados:

Lucas, José M<sup>a</sup> e Pedrero Sancho, Rosa, *Antología de iniciación al griego*, UNED, Madrid, 1992

Berenguer, J. *Hélade I*. ed. Bosch. Barcelona.

J.A.C.T. *Reading Greek*. Cambridge University Press. 1979.

Lesky, A. *Historia de la literatura griega*. Gredos.

Ruck, C. *Ancient Greek. A new approach*. Massachusetts Institute of Technology.

Jaeger, W. *Paideia*. F.C.E. Madrid.

Outros materiais e recursos didácticos:

- Poderán servirse de todos os libros do seminario e da biblioteca do Centro, así como dos que eu lles poida facilitar.
- Pasareilles, asemade, follas ciclostiladas con textos, esquemas, exercicios...
- Películas de temática clásica: *Medea, Troia, Edipo, Odisea...*
- Dicionarios e vocabularios, enciclopedias e manuais, mapas, imaxes, textos de autores antigos e modernos...
- Recursos audiovisuais e informáticos, como a aula virtual do Instituto, vídeos, presentacións, webs e blogues, exercicios autoavaliáveis, etc., así como a busca de información e materiais de reforzo en internet.

Escolleranse os máis adecuados en cada momento, tendo en conta a oportunidade, o interese do alumnado, o tempo dispoñible e os recursos materiais do Centro.

## **6.18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Por mor da pandemia, durante o presente curso escolar este departamento non promoverá ningunha actividade complementaria ou extraescolar.

## 6.19.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE POR PARTE DO ALUMNO.

Competencia	Indicadores de logro
CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Responde ao que se pregunta de forma xustificada, con corrección gramatical, tanto de forma oral como por escrito.</li> <li>▪ Redacta con corrección ortográfica e gramatical, con caligrafía lexible.</li> <li>▪ Utiliza de maneira oportuna o vocabulario apropiado relacionado cos contidos abordados neste curso.</li> <li>▪ Le de maneira comprensiva, interpretando correctamente o sentido dos textos.</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpreta correctamente os gráficos para sacar as conclusións pertinentes.</li> <li>• Presenta a resolución dun problema de forma estruturada e razoada.</li> <li>• Manexa correctamente a linguaxe matemática.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Usa de maneira eficiente os buscadores para atopar información na rede.</li> <li>• Elabora documentos ben presentados utilizando o procesador de textos.</li> <li>• Elabora presentacións sinxelas como ferramenta de traballo.</li> <li>• Manexa o correo electrónico para intercambiar información co profesor ou cos compañeiros.</li> <li>• Xestiona os seus arquivos nun espazo de almacenamento.</li> </ul>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorpora as correccións sinaladas polo profesor en tarefas posteriores.</li> <li>• Aporta solucións propias ás incidencias que se presentan habitualmente na realización dun proxecto ou na propia aula.</li> <li>• Elabora representacións conceptuais propias, en forma de esquemas ou resumos.</li> <li>• Distingue as ideas principais das secundarias en textos de diferentes clases.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respecta as normas da aula e do centro en xeral, tanto no que se refire á seguridade como á limpeza e conservación.</li> <li>• Participa activamente nos traballos en grupo.</li> <li>• Mantén en orde o seu material de traballo.</li> <li>• Asume as responsabilidades que lle corresponden como alumno, tanto a nivel individual como dentro dun grupo de iguais.</li> <li>• Respecta aos demais membros da comunidade educativa.</li> </ul>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma a palabra de xeito pertinente e oportuno para facer comentarios ou preguntas.</li> <li>• Lidera ou organiza as tarefas que implican o traballo en grupo.</li> <li>• Propón alternativas factibles e pertinentes ás tarefas asignadas polo profesor.</li> </ul>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece a importancia da literatura como expresión artística.</li> <li>• Preocúpase pola estética das súas creacións.</li> <li>• Identifica as tecnoloxías da información e a comunicación como vía de intercambio e enriquecemento cultural.</li> </ul>

**CCL:** C. Comunicación Lingüística; **CMCCT:** C. Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía; **CD:** C. Dixital; **CAA:** Aprender a aprender;

## **6.20.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

En diferentes momentos ao longo do curso, faráselles chegar aos alumnos información sobre certos aspectos da programación. Ao inicio do curso comunicaráselles de forma esquemática a secuencia de unidades que serán impartidas ao longo do curso de acordo coa programación.

Ao inicio de cada avaliación serán informados de xeito detallado sobre os seguintes puntos:

- Unidades impartidas en cada avaliación , especificando cada un dos seus puntos.
- Temporalización e secuencia das diferentes actividades programadas, incluídas as actividades de avaliación.
- Información precisa acerca dos criterios de avaliación e cualificación, incluíndo as porcentaxes de ponderación asignados a cada unha das probas e actividades de avaliación e o sistema de recuperación.

Ao final de curso recollerase a valoración do alumnado sobre certos aspectos da programación: preferencia polas diferentes unidades, polas diferentes actividades levadas a cabo e suxestións sobre algúns aspectos dos temas tratados ou de outros novos do seu interese. Esta información engadirase á avaliación da propia programación.

A toma de datos e información necesaria para este proceso de avaliación farase a partir de varias fontes:

- Estatísticas de resultados e cualificacións do alumnado do centro, interpretadas como porcentaxes de consecución de obxectivos.
- Redacción da memoria final do curso, onde se especificarán o total das unidades impartidas, así como as posibles modificacións, se fose o caso, introducidas na programación e os motivos de ditas modificacións.
- Datos da valoración da programación por parte dos alumnos recollidos a través de enquisas.

A partires das anteriores fontes de datos, e durante o curso, o departamento aplicará diferentes instrumentos de avaliación que permitan valorar de forma correcta aspectos como:

- Idoneidade da secuencia de contidos.
- Axeitada ponderación dos contidos que integran cada bloque.
- Temporalización acaída das diferentes unidades.
- Adecuación dos instrumentos e criterios de avaliación aos estándares de aprendizaxe.

Usarase un cuestionario como o seguinte para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente e os resultados constarán na memoria final de curso.

<b>DIVERSIDADE</b>	1	2	3	4	Propostas de mellora
Ao principio do curso fíxose algún tipo de actividade para coñecer a composición da clase.					
Tense en conta a diversidade á hora de organizar a clase e crear grupos.					
Dáselle a cada alumna ou alumno a información que necesita.					
Créanse actividades de diferentes niveis.					
Adáptanse as actividades ao alumnado que se afasta da media tanto por arriba como por abaixo.					
<b>PROGRAMACIÓN DE AULA</b>					
Tense en conta a programación á hora de planificar as clases.					
Recóllense e arguméntanse as modificacións respecto á programación do curso.					
Déixase claro ao alumnado que se vai facer en cada unidade de traballo e como vai ser avaliada.					
<b>ACTIVIDADES NA AULA</b>					
Propóñense agrupamentos diferentes (individuais, parellas, pequeno grupo, gran grupo...)					
Deséñanse actividades variadas (lectura, análise, investigación, creación, debate...)					
Propóñense actividades que promoven a autonomía na aprendizaxe.					
Utilízanse ferramentas diversas (libros de consulta, libros de lectura, TIC...)					
Pásase a maior parte do tempo da clase con explicacións teóricas.					

Pásase a maior parte do tempo da clase pedindo a atención do alumnado.					
Adícase a maior parte do tempo a promover que o alumnado faga actividades diversas.					
<b>AVALIACIÓN</b>					
O alumnado está sempre informado de como será a avaliación antes de comezar cada traballo, proxecto ou unidade nova.					
Utilízanse diferentes tipos de probas para avaliar (exposicións, exames, traballos, debates...)					
Prográmanse plans de recuperación para aquelas alumnas ou alumnos que non alcanzan os obxectivos mínimos.					
A avaliación está baseada nas competencias clave.					

**TERCEIRO DE ESO**

**Horas semanais: dúas**

**Número de alumn@s: vinteito**



**Primeiro de Bacharelato**

**Horas semanais: catro**

**Número de alumnas: once**

**3.0.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

**3.1.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

**3.2.- OBXECTIVOS.**

**3.3.- UN CURSO ESPECIAL: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, EDUCACIÓN A DISTANCIA.**

**3.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ERA COVID.**

**3.5.- CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS EXIXIBLES RELACIONADOS COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE NA ERA COVID.**

**3.6.- ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDO. TEMPORALIZACIÓN.**

**3.7.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.**

**3.8.- METODOLOXÍA.**

**3.9.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

**3.9.1.- AVALIACIÓN INICIAL.**

**3.9.2.- AVALIACIÓN ORDINARIA.**

**3.9.3.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

**3.9.4.- ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES (PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS).**

**3.10.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ERA COVID.**

**3.11.- PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.**

**3.12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

**3.13.- ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

**3.14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.**

**3.15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.**

**3.16.- ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN.**

**3.17.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBRO DE TEXTO.**

**3.18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

**3.19.- INDICADORES DO LOGRO PARA AVALIAR A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE POR PARTE DO ALUMNO.**

**3.20.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

A numeración 5 (1º Bach.), 6 (2º Bach) e 3 (3ª ESO) nos índices adóptase por recomendación da Comisión de Coordinación Pedagóxica co fin de facilitar a homoxeneidade en todas as programacións, mesmo naquelas que non incorporen cursos da ESO.

## 3.0.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### A MATERIA DE CULTURA CLÁSICA NA ESO

Aínda que poida parecer un tópico falar a estas alturas do legado cultural, artístico, intelectual e incluso moral de Grecia e Roma, é innegábel que ambas culturas sentaron as bases do que coñecemos como "civilización occidental".

Non obstante, a nosa sociedade actual, inmersa nunha voráxine impresionante de avances científicos e tecnolóxicos, fixo, quizais con maior frecuencia da desexábel, que nos esquezamos de que nada disto sería posíbel sen aqueles primeiros pasos que se deron hai xa máis de dous milenios.

Non resulta, pois, arriscado que a nosa mocidade, o noso alumnado, tome conciencia diso e, alén de valorar os coñecementos polo mero rendemento que amosan na vida práctica, cheguen a perceber con claridade que baixo as estruturas da nosa sociedade se atopan uns valores espirituais legados polo mundo clásico.

Como axuda para eles introduciuse dentro do sistema educativo unha materia, a Cultura Clásica, cuxa finalidade reside en pór en contacto o alumnado co mundo clásico e con aqueles trazos históricos, sociais e culturais que, procedentes da antigüidade, perduran na actualidade. Só mediante o descubrimento da cultura clásica saberán valorar e comprender as propias fontes do coñecemento do home actual (arte, literatura, lingua, ciencias, tecnoloxía...).

Sen embargo, a Cultura Clásica está situada no chamado espazo de opcionalidade da ESO: se ben ten que ser de obrigada oferta polos centros, non vai alcanzar -sabémolo ben- a todo o alumnado, pero si conectará con posíbeis opcións futuras e servirá de reforzo e motivación para a súa propia aprendizaxe.

### RELACIÓN DA CULTURA CLÁSICA COAS DEMAIS ÁREAS DO CURRÍCULO

O estudo desta materia pon en relación a área de Lingua con outras representativas dos coñecementos e saberes humanos. Tomando como apoio o uso da lingua, como instrumento indispensable para a aprendizaxe doutras áreas, permitirase que o alumnado adquira o dominio de vocabularios específicos e consolide as súas capacidades expresivas nos distintos ámbitos.

Así, a Cultura Clásica relaciónase con outras áreas da seguinte maneira:

- LINGUA E LITERATURA GALEGAS E MAIS LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS. Grazas ao achegamento á cultura e linguas clásicas e á observación dalgúns aspectos primordiais en canto ao seu funcionamento, preténdese un maior coñecemento da propia lingua. Ademais a Cultura Clásica pon en relación as diversas áreas lingüísticas do Estado e promove o interese por coñecerlas e o respecto polos seus falantes, ao mesmo tempo que redundará en beneficio da propia lingua.

- LINGUAS ESTRANXEIRAS: A observación e a adquisición de mecanismos funcionais das linguas clásicas permite o acceso por parte do alumnado á lingua estranxeira estudada e mais permítelle comparar as estruturas básicas desta coas das linguas que foron anteriores a elas e que, con seguridade, participaron na súa formación ben en canto ás súas estruturas, ben en canto ao seu léxico.

- CIENCIAS SOCIAIS: A análise da realidade histórica, xeográfica, social, política e cultural é imprescindible para entender a contorna na que viviron escritores, filósofos, artistas e calquera outro personaxe da Antigüidade, así como os medios que empregaron e as finalidades ás que pretenderon chegar. A observación de todos estes aspectos nas épocas en que se produciron e a súa comparación cos das sociedades actuais permiten un maior coñecemento e comprensión dos feitos e fenómenos actuais.

- MÚSICA, EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL. A través da lectura de textos clásicos e a contemplación de obras pertencentes ao patrimonio da humanidade, preténdese que o alumnado coñeza e aprecie a arte e se implique persoalmente na súa conservación. Ao mesmo tempo, é un apoio para traballar e mellorar o emprego de linguas non verbais, como modelo para enriquecer a expresión e comprensión dos estudantes.

- TECNOLOXÍA. A tecnoloxía é na actualidade un instrumento na nosa sociedade. As civilizacións clásicas ofrécennos unha explicación mítica, pero tamén científica, da evolución do ser humano, que se mostrou preocupado en cada etapa da historia por pensar e reflexionar sobre novos avances e o modo de os levar a cabo. O léxico, procedente das linguas clásicas, deu nome a todos os descubrimentos e avances humanos.

### 3.1.- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

As contribucións desta materia á **competencia en comunicación lingüística (CCL)** son importantes. A través da lectura comprensiva de textos variados, da busca e tratamento da información obtida, así como a síntese para a expresión oral e escrita, contribúe á adquisición A lectura comprensiva dunha realidade certamente afastada do contorno do alumno, a comprensión duns conceptos totalmente novos e a necesidade ineludible de aprender a expresalos dunha forma ordenada ten un valor moi estimable. Pero se por algo destaca esta materia no eido da lingua é por ser un instrumento inmejorable para a adquisición dun vocabulario pasivo e activo baseado nos termos que se expliquen ao longo do curso, incluídos os seus compoñentes e as regras de combinación. A introdución breve ao estudo diacrónico das linguas, incluído entre os obxectivos, contribuirá a unha percepción máis matizada do que é un sistema lingüístico.

A percepción do contorno propio como o único posible limita a capacidade do alumnado de facerse preguntas que poidan levarlos a unha relación co contorno máis produtiva e gratificante. O contacto con culturas dotadas doutras inxerencias, doutros valores e doutras relixións fará que relativicen as súas propias certezas e sexan quen de analízalas criticamente. Máxime nestas que, en tantos aspectos xeográficos, económicos, artísticos e organizativos, seguen a estar presentes no mundo actual, servindo de nexos entre a meirande parte dos países do mundo que nos rodea. O coñecemento de como se serviron do contorno, de como aproveitaron os recursos naturais, de como os transformaron, posibilitará unha meirande facilidade para o coñecemento e a interacción co mundo físico.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)** ten escasa virtualidade na nosa materia. De todos os xeitos afondaremos nela cando traballemos coa numeración romana e máis co calendario. Igualmente seranos de utilidade cando avancemos nos logros científicos e técnicos dos mundos grego e romano.

O uso crítico da rede como fonte de información, o emprego de aplicacións informáticas para a elaboración de documentos de aula, servirán para completar a achega da cultura clásica á adquisición da **competencia dixital (CD)**. As actividades relativas á recollida, selección e análise da información, a aplicación de técnicas de síntese, a identificación de palabras clave e a distinción entre ideas principais e secundarias achegan instrumentos básicos para a adquisición desta competencia, tan relacionada con destrezas para a continua formación persoal.

O estudo dos elementos básicos das linguas grega e latina, na medida en que propicia a disposición e a habilidade para organizar a aprendizaxe, favorece as destrezas de autonomía, disciplina e reflexión, exercita a recuperación de datos mediante a memorización e sitúa o proceso formativo nun contexto de rigor lóxico, inciden no logro da **competencia de aprender a aprender (CAA)**.

Contribúen á adquisición das **competencias sociais e cívicas (CSC)** o coñecemento das institucións e o modo de vida dos gregos e romanos como referente histórico de organización social, participación dos cidadáns na vida pública e delimitación dos dereitos e deberes dos individuos e das colectividades, no ámbito e no con torno dunha Europa diversa unida en moitos aspectos pola cultura grecolatina. Paralelamente, o coñecemento das desigualdades existentes nesa sociedade favorece unha reacción crítica ante a discriminación pola pertenza a un grupo social ou étnico determinado, ou pola diferenza de sexos. Implícase así o alumnado nunha actitude de valoración positiva da participación cidadá, da negociación e da aplicación de normas iguais para todos como instrumentos válidos na resolución de conflitos. Doutra parte, se o traballo é cooperativo, impúlsase o respecto pola diferenza de criterios e pola liberdade de expresión.

Contribúe ao desenvolvemento do **sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** na medida en que se utilizan procedementos que exixen planificar, seleccionar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O traballo cooperativo e a posta en común dos resultados implica valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, comprender a forma de corrixilos e non se render ante un resultado inadecuado. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

A **conciencia e expresións culturais (CCEC)** foméntase mediante o coñecemento dos fundamentos da literatura clásica, da arquitectura, da escultura, da arte en xeral que debe dar un leve sustento teórico ao que é o comezo do aprecio e do goce da arte como produto da creación humana e como testemuño da historia. O coñecemento dos restos arqueolóxicos do contorno debe axudar a aprender a valorar as obras do pasado e a apreciar os esforzos pola súa conservación. Cóntase, así, con referencias para facer unha valoración crítica de creacións artísticas posteriores inspira das na cultura e na mitoloxía grecolatinas, ou das mensaxes difundidas polos medios de comunicación que, en moitos casos, toman a súa base icónica do repertorio clásico.

## 3.2.- OBXECTIVOS

Segundo o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, debemos fixarnos uns obxectivos para a ESO. A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a reacción artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.



ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

A Cultura Clásica, como materia optativa do segundo ciclo da ESO, ten como finalidade última -que comparte con outras materias- o desenvolvemento e afianzamento da capacidade do alumnado no referente á comprensión e expresión da linguaxe, quer sexa oralmente ou por escrito, quer sexa mediante a lectura ou audición.

Pero dado que se atopa inmersa dentro dun plano xeral de etapa, a materia contén unha serie de obxectivos propios que engloban as capacidades que se pretenden desenvolver no alumnado e que, por súa vez, contribúen á consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Así pois, ao impartir esta materia preténdese que o alumno/-a adquiera as seguintes capacidades:

- 1.- Comprender os discursos orais e escritos, recoñecendo as súas diferentes finalidades e as situacións de comunicación en que se producen, utilizando coñecementos lingüísticos e culturais da cultura clásica.
- 2.- Expresarse oralmente e por escrito con coherencia e corrección, mellorando a expresión co emprego de termos latinos e gregos.
- 3.- Comprender os mecanismos da lingua latina para a formación de palabras, para entender a súa estruturación en galego.
- 4.- Desenvolver o hábito do razoamento obxectivo e sistemático, contrastando as estruturas lingüísticas do latín e das linguas de uso do alumnado.
- 5.- Recoñecer a orixe grecolatina da maioría das linguas da Península e de grande parte de Europa, identificando elementos comúns que existan entre elas.
- 6.- Valorar a lingua latina como axuda para a aprendizaxe doutras linguas.
- 7.- Valorar a existencia das diferentes linguas e culturas no Estado Español irmandadas na súa orixe común como manifestación de variedade e riqueza cultural.
- 8.- Coñecer os elementos básicos da civilización clásica, valorando a súa influencia na cultura local, nacional, peninsular e europea nas súas diferentes manifestacións.
- 9.- Identificar elementos lingüísticos e culturais procedentes do mundo clásico que subxacen na cultura europea.
- 10.- Empregar axeitadamente fontes antigas diversas, contrastando o seu contido e forma coas modernas.

Con estes obxectivos, a parte de tentar mellorar a capacidade de comprensión e expresión do alumnado (obxectivos 1 e 2), partindo lxicamente dos elementos que nos pode proporcionar a propia cultura grecolatina, dous son os eixes principais sobre os que se desenvolven as demais capacidades: un é o lingüístico e outro, esencialmente, cultural.

Así pois, o estudo lingüístico das linguas clásicas, especialmente do latín (obxectivos 3, 4, 5 e 6), tanto no seu aspecto léxico-semántico como no morfosintáctico, contribuirá sen dúbida a unha mellora das capacidades discursivas dos alumnos/-as, non só no referente á súa lingua materna, senón tamén como base para a aprendizaxe doutras linguas modernas. O eixe cultural, que necesariamente vai estar impregnado de aspectos lingüísticos (obxectivos 7, 8, 9 e 10), supónlle ao alumno/-a un achegamento aos valores culturais, sociais e artísticos que están na base da civilización occidental.

### **3.3.- UN CURSO ESPECIAL: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, EDUCACIÓN A DISTANCIA.**

O pasado curso puxo a proba a todo o sistema educativo. En poucos días administración, direccións, profesorado, alumnado e familias deberon adaptarse a unha nova realidade. De todo o aprendido tiraremos partido nesta nova andaina.

Polo visto até agora parece que todas as administracións van tratar de garantir o dereito a unha educación presencial ao longo de todo o curso. A tal fin as direccións dos centros xa sentaron as bases das distancias de seguridade durante un verán convulso, con instrucións que mudaban case cada semana.

A presente programación nace ideada para un curso cun 100% de presencialidade, pero non se poden descartar outros escenarios. Por ese motivo, desde o primeiro momento todo o material didáctico estará a disposición do alumnado na Classroom do centro (e en paralelo e de xeito progresivo na Aula Virtual). Da mesma maneira, mantemos activa esa mesma plataforma coa súa variante de videoclases (Meet) e xa activamos a plataforma Cico webex. Ambas as dúas plataformas permitirannos unha docencia telemática.

Así pois, e tal e como se nos reclama nas instrucións de 30 de xullo sobre posíbeis escenarios educativos no curso 2020-2021, contemplamos as seguintes modalidades:

#### a.- Presencialidade

Manteríase o ritmo normal dun curso normal.

#### b.- Semipresencialidade

En caso de que, por unha evolución negativa da pandemia, nos vísemos obrigados a que unha sección das clases estivesen confinadas ou pendentas de probas PCR, habilitaríase o mecanismo para poder retransmitir en streaming a clase presencial. Se os medios á nosa disposición non fosen abondos para esta docencia simultánea, o profesor da materia comprométese a duplicar o seu horario en Cultura Clásica e desenvolvería esas clases para alumnado confinado en horario vespertino.

### c.- Educación a distancia ou telemática.

Xa quedaron sentadas as bases desde o pasado curso. De feito xa están activos os protocolos para detectar deficiencias na conectividade do alumnado.

Neste caso a Classroom ou a Aula Virtual (para descargar o material didáctico) e as plataformas Meet e Cisco Webex (para as videoclases) converteranse en aliados indispensábeis. Deberemos insistir na necesidade de conservar o horario orixinal sen que se sufra merma no número de sesións semanais (2). Non se pode argumentar a fatiga ou a desconcentración do alumnado. Este debe ser consciente de que se trata de manter a normalidade do ritmo académico.

Desde o primeiro momento todo o material académico (así como os modelos de exame) co que traballemos no curso estará a disposición do alumnado na tanto na Classroom como na AV. De se producir o confinamento, habilitaremos un mecanismo para que alumnado e familias poidan saber semanalmente cales son as tarefas que se encomendaron. Desde a Dirección do centro propónsenos unha táboa excell similar á empregada no pasado curso. Nela o profesorado volcará toda a información necesaria para que as familias fagan un correcto seguimento da marcha dos seus fillos e fillas.

A corrección das probas (formularios) realizarase diariamente. Se un hipotético confinamento tiver lugar en período próximo a unha avaliación, non descartamos a posibilidade de que algún exame se teña que facer, coas debidas garantías, por vía telemática. En calquera caso, consideramos que sería máis lóxico facer as oportunas adaptacións da programación unha vez se dean as condicións de excepcionalidade.

### 3.4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ERA COVID

3º de ESO

Ao se tratar a Cultura clásica de 3º de ESO dun curso inaugural, non precisa repaso de ningunha materia específica que se deixase de tratar durante o pasado estado de alarma. Por tanto, non haberá ningunha revisión apriorística destes criterios de avaliación.

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Xeografía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Marco xeográfico das civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB1.2.1. Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 2. Historia				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.1.1. Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.1. Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.2. Explica o proceso de transición que se produce entre as etapas da historia de Grecia e Roma, describindo as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.3. Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.2.4. Sitúa dentro dun eixe cronolóxico o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana, sinalando períodos e identificando en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</li> <li>▪ B2.2. Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.1. Explica a romanización de Hispania e Gallaecia, describindo as súas causas e delimitando as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB2.3.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e Gallaecia, sinalando a súa influencia na historia posterior do noso país.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 3. Mitoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. O panteón grego e romano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Mitos grecolatinos. Os heroes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoos a outros trazos culturais propios de cada época.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.2.4. Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Relixión grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Relixión romana: culto público e privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
Bloque 4. Arte				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Fundamentos da arte clásica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Cultura Clásica. 3º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
CCB3.1.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses.	Corrección de traballos sobre a xenealoxía dos principais deuses da mitoloxía grecolatina. Exames escritos, probas orais, traballos escritos e caderno de clase e de lecturas.
CCB3.2.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian. CCB3.2.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa. CCB3.2.3. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura	

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoos a outros trazos culturais propios de cada época	
CCB3.3.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, pondoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas.	
CCB3.4.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, e explica os trazos que lles son propios.	
CCB4.1.1. Recoñece os trazos básicos da arte clásica nas manifestacións artísticas antigas e actuais. CCB4.1.2. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles aspectos relacionados coa arte grecolatina, asociándoos a outras manifestacións culturais ou a fitos históricos.	Corrección de presentacións.  Exames nos que deben identificar determinadas obras de cerámica, escultura, pintura, arquitectura ou enxeñaría.
CCB4.2.1. Recoñece as características esenciais das arquitecturas grega e romana, identificando en imaxes a orde arquitectónica á que pertencen distintos monumentos, para razoar a súa resposta.	
CCB4.3.1. Recoñece esculturas gregas e romanas en imaxes, encádraas nun período histórico e identifica nelas motivos mitolóxicos, históricos ou culturais.	
CCB4.4.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	
CCB4.5.1. Localiza nun mapa os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e súa cronoloxía aproximada.	
CCB5.1.1. Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.	Corrección de esquemas nos que figuren as relacións entre as distintas institucións que caracterizan as diferentes civilizacións estudadas (Micenas, Atenas, Esparta, Tebas, Roma...)

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<p>CCB5.2.1. Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.</p> <p>CCB5.2.2. Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.</p>	<p>Revisión das libretas. Valoración das presentacións.</p>
<p>CCB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.</p>	<p>Corrección das presentacións en Powerpoint.</p>
<p>CCB5.4.1. Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.</p> <p>CCB5.4.2. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, e explica a súa influencia no progreso da cultura occidental.</p>	
<p>CCB5.5.1. Describe as principais formas de lecer das sociedades grega e romana, analizando a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.</p>	
<p>CCB5.6.1. Explica a orixe e a natureza dos Xogos Olímpicos, comparándoos e destacando a súa importancia con respecto a outras festividades deste tipo existentes na época, e comenta o seu mantemento no mundo moderno, establecendo semellanzas e diferenzas entre os valores culturais aos que se asocian en cada caso.</p>	
<p>CCB6.1.1. Recoñece tipos de escritura, clasifícaos consonte súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.</p>	<p>Lectura de textos clásicos en latín e grego.</p> <p>Corrección da transcripción de textos gregos</p>
<p>CCB6.2.1. Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental, diferenciándoos doutros tipos de escrituras, e explica a súa orixe.</p>	
<p>CCB6.3.1. Explica a influencia dos alfabetos grego e latino na formación dos alfabetos actuais, e sinala nestes últimos a presenza de determinados elementos tomados dos primeiros.</p>	
<p>CCB6.4.1. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas, sinalando os idiomas modernos que se derivan de cada unha e os</p>	<p>Corrección de mapas mudos lingüísticos.</p>



Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
aspectos lingüísticos que evidencian o seu parentesco.	
CCB6.5.1. Identifica as linguas que se falan en Europa e en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	Probas escritas. Mapas mudos.
CCB6.6.1. Recoñece e explica o significado dalgúns dos helenismos e latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España e doutras linguas modernas, e explica o seu significado a partir do termo de orixe. CCB6.6.2. Explica o significado de palabras a partir da súa descomposición e da análise etimolóxica das súas partes.	Probas escritas. Corrección de fichas de clase.
CCB6.7.1. Identifica e diferencia con seguridade cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, en relación co termo de orixe sen, necesidade de consultar dicionarios nin outras fontes de información. CCB6.7.2. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual.	Corrección de táboas con étimos, cultismos, semicultismos e voces patrimoniais.
CCB6.8.1. Explica os procesos de evolución dalgúns termos desde o étimo latino ata os seus respectivos derivados nas linguas romances, describindo algúns dos fenómenos fonéticos producidos e ilustrándoos con outros exemplos. CCB6.8.2. Realiza evolucións do latín ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	Corrección de enunciados con normas fonéticas que identifiquen os procesos que se produciron na evolución.
CCB6.9.1. Explica a partir da súa etimoloxía termos de orixe grecolatina propios da linguaxe científico-técnica e sabe usalos con propiedade.	Corrección de fichas nas que aparezan termos da linguaxe científico-técnica.
CCB6.10.1. Demostra o influxo do latín e o grego sobre as linguas modernas servíndose de exemplos para ilustrar o mantemento nestas de elementos léxicos morfolóxicos e sintácticos herdados das primeiras.	
CCB6.11.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios grecolatinos e recoñece a súa influencia na literatura posterior.	Exames de literatura.
CCB6.12.1. Nomea aos autores máis representativos da literatura grecolatina, encádraos no seu período histórico e cita as súas obras máis coñecidas.	Corrección de eixes cronolóxicos.
CCB7.1.1. Sinala e describe algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que perviviron ata a actualidade, demostrando a súa vixencia nunha e noutra época mediante exemplos.	

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
CCB7.2.1. Demostra a pervivencia da mitoloxía e os temas lexendarios mediante exemplos de manifestacións artísticas contemporáneas nas que están presentes estes motivos.	Fichas de clase e preguntas en exame. Corrección de traballos de mitoloxía en distintos formatos.
CCB7.3.1. Enumera e explica algúns exemplos concretos nos que se pon de manifesto a influencia que o mundo clásico tivo na historia e as tradicións do noso país.	Realización e corrección de fichas nas aulas de informática.
B7.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación para recabar información e realizar traballos de investigación acerca da pervivencia da civilización clásica na nosa cultura.	

## 3.8.- METODOLOXÍA

Segundo vimos, o que realmente se pretende con esta materia é que o alumnado entre en contacto coa Cultura Clásica a través dos tres eixes mencionados:

- a aproximación ao coñecemento das linguas clásicas
- o achegamento ao proceso romanizador
- a constatación da presenza e pervivencia da sociedade grecolatina na sociedade occidental actual.

Para logramos satisfactoriamente estes obxectivos, loxicamente os contidos deben estar seleccionados con rigor, organizados conforme á progresión lóxica da materia, cubrindo sen lagoas toda a información programada para o alumno e realizando todas as actividades necesarias para acadar os obxectivos.

Estes condicionantes son básicos á hora de plantear unha metodoloxía específica. Non obstante, parece operativo, por se tratar dunha materia como a que nos ocupa, distinguir entre o método para os contidos lingüísticos e para os culturais, aínda que o obxectivo final sexa conseguir que o alumnado perciba a impregnación clásica que pervive e explica a nosa civilización en todas as súas manifestacións: lingua, crenzas, costumes, símbolos e manifestacións artísticas, lingüísticas ou literarias.

### A) Contidos lingüísticos:

Partindo da base de que para os alumnos/-as é a primeira vez que toman contacto con estas linguas, o achegamento debe ser progresivo e gradual:

- Trataríase en primeiro lugar de os introducir no coñecemento dos mecanismos de composición e derivación de palabras de orixe grecolatina: partindo dos elementos constitutivos da palabra (lexemas, morfemas, desinencias, prefixos, sufixos...), chegar á identificación e caracterización de prefixos e sufixos de orixe grecolatina en palabras galegas e ao recoñecemento de helenismos e latinismos na linguaxe científica e técnica actuais.

- Por outra banda, introduciríaselles a evolución do latín ao galego (facendo referencia a outras linguas romances da península): a partir dunhas regras mínimas e básicas da evolución das vocais latinas e das consoantes e grupos consonánticos chegariase á identificación dun sinfín de palabras de uso corrente.

En ambos casos, é evidente que a metodoloxía a empregar é dobre, unha deductiva, a partir da lingua de orixe, e outra inductiva a partir do resultado das linguas romances. Se ben o estudio sistemático de todos estes fenómenos se abordará nas unidades dispostas ao efecto, non só deben ficar reducidas a ese espazo, senón que no desenvolvemento de novas unidades, alí onde aparezan vocábulos xa coñecidos ou outros susceptíbeis de explicación, irase retomando o tema até completar o curso. O emprego, ademais, dun caderno de léxico

por parte do alumnado, onde vaian quedando recollidas as novas aportacións, será fundamental para comprobar o afianzamento destes apartados.

- Finalmente, pódese abordar un estudio puramente lingüístico das linguas clásicas, utilizando con este fin frases latinas e gregas de mínima dificultade e, a ser posíbel, referidas ao tema cultural da unidade (dese xeito o alumno/-a percibirá a lingua como algo unido e complementario da cultura). A partir da súa comprensión e traducción con axuda dun vocabulario sinxelo, iranse agrupando as frases coa mesma estrutura sintáctica para que o alumnado repare na diversa forma que adoptan as palabras coa mesma función sintáctica, facendo fincapé na relación forma/función.

## B) Contidos culturais

A aproximación aos aspectos socioculturais da antigüidade clásica tentarase abordar a través de elementos motivadores que aboan a explicación posterior. Normalmente a lectura dun texto (onde se analice a súa estrutura, se identifiquen elementos culturais...) será a base para iniciarmos a explicación, acompañándoa, por suposto, de todo aquel material complementario que poida servir de estímulo (mapas, diapositivas, láminas, vídeos...).

Por outro lado, cada secuencia cultural leva aparelado o desenvolvemento monográfico dun aspecto moi concreto do tema que se trata: non falamos de aprofundar exhaustivamente (a explicación non se alongará en exceso), senón de aproveitar o interese despertado para os estimular a coñecer aspectos máis concretos e, xa que logo, menos accesíbeis da cultura antiga e, dado o tipo de temas elixidos, relacionalos con aspectos da sociedade actual. Afaranse, ao mesmo tempo, a traballar de xeito máis autónomo, a utilizar diversas fontes de información, gardando, ademais a corrección necesaria tanto na presentación como no seu contido.

En todo caso, non se pretende máis que potenciar o interese e o aprezo pola cultura e estimular a súa expresión oral e escrita a través das actividades propostas:

- debates e coloquios sobre os aspectos traballados,
- resumos escritos,
- pequenos traballos que aprofunden máis nun tema...

## 3.9.- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, **competencias clave, obxectivos de etapa, bloques de contido, actividades e estándares de aprendizaxe** e os **criterios de avaliación**.

### ❖ 3.9.1.- AVALIACIÓN INICIAL

Dado que se trata dunha materia absolutamente nova para o alumnado, non se ten por que prexulgar ningún coñecemento previo. Si sabemos que deben ter algunha idea da situación xeográfica e do desenvolvemento histórico. Pero en ningún caso ese coñecemento debe estar consolidado.

Mesmo así, nos primeiros días do curso escolar en setembro realizarase unha proba para albiscar o que lembran deses conceptos ou o que a cultura xeral que incorporaron á súa bagaxe. Propoñeránselles:

- Unha serie de expresións latinas, moi simples e de uso moi frecuente, para que indiquen o seu significado.
- Un mapa de Europa onde deben situar os países nos que actualmente se falan linguas con orixe indoeuropea.
- Unha serie de vocablos con elementos de composición grega e latina para que identifiquen o seu significado.

Polos motivos xa argumentados esta proba non terá repercusión algunha na cualificación da materia, pero permitiranos actuar desde o primeiro momento saber o chan que pisamos e aconsellaranos traballar dun xeito máis específico aqueles puntos nos que fallasen no momento do curso en que abordemos esa temática concreta.

### ❖ 3.9.2.- AVALIACIÓN ORDINARIA

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre. A última destas avaliacións coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

### ❖ 3.9.3.- AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño. Na data que acorde o centro realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de 4,5 para superalo. O alumnado que nesta convocatoria siga sen acadar cualificación positiva e promocióne de curso, levará a materia pendente

### ❖ 3.9.4.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO QUE PERDEU O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA

Este alumnado tan só terá dereito á realización da proba extraordinaria de xuño que, ao igual cá de setembro, se axustará aos contidos mínimos.

### ❖ 3.8.5.- ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.

Consultar punto 3.10 Programa de recuperación.

## 3.10.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

### SISTEMA DE CUALIFICACIÓN E PONDERACIÓN

**Avaliación de Contidos:** Establecemos un 90% da nota para o conxunto de contidos e un 10% para o traballo de clase.

A avaliación realizarase conforme vaia cumprindo fases da materia, de tal xeito que poidamos contar cun mínimo de dúas referencias antes de chegar á xunta de avaliación. Estes exames realizaranse sempre que for posíbel de xeito presencial. En caso de que se produza un confinamento total non quedará máis remedio que realízalos de xeito telemático, iso si, con todas as garantías das que dispoñamos. Fixaremos as datas de exames con tempo, concedéndolles sempre aos alumnos un ou máis días para me apresetar as súas dúbidas.

**Criterios para calcular a nota da avaliación:** media ponderada de Conceptos e Procedementos segundo a seguinte fórmula: media dos resultados nas probas escritas e orais de cada Unidade Didáctica e do uso dos instrumentos correspondentes para a realización de traballos e exercicios durante o trimestre ata acadar un 90%. A isto hai que engadirlle o valor do traballo de clase ata sumar un 10% da nota.

**Sistema de cualificación do traballo de clase (10% da nota):**

**Sistema de cualificación das actitudes, valores e normas** (10% da nota):

- Fai as actividades con limpeza e orde nos traballos ou caderno de clase .. 0,4%
- Interese pola materia: participa con regularidade e/ou fai preguntas..... 0,4%
- Ten espírito crítico nas súas valoracións e o fai dun xeito construtivo..... 0,2%

**Criterios para calcular a nota final da materia:** para superar a materia é imprescindible superar dúas das tres avaliacións, sendo unha delas a 3ª. A nota final será igual a nota da 3ª avaliación xa que non se elimina materia e a avaliación é continua. Poderá ser maior se o alumnado mantivo unha progresión nas notas das tres avaliacións e inferior se é ao contrario.

**Criterios de corrección de exercicios e probas:**

- Faltas de ortografía e puntuación: criterios aplicables ao uso da lingua vehicular (galego, castelán, etc.): erro de grafemas: -0,2 puntos; erro de signo ortográfico (acentuación, puntuación...): -0,1 puntos.
- Presentación: limpeza, borranchos, caligrafía e respecto polas marxes. Por cada un dos elementos considerados na presentación ata -0,5 puntos.
- Exactitude na resposta e solución de actividades: terase en conta o rigor na resolución das actividades e a corrección na indagación, estudo e asimilación de datos.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Consideraremos que un alumno está en disposición de promocionar, isto é, de aprobar a materia de Cultura Clásica, cando:

- Teña aprobadas as tres avaliacións ordinarias.
- Teña aprobada a segunda e a terceira, malia suspender a primeira.
- Teña aprobada a terceira, malia suspender a primeira e a segunda. Neste último suposto, debería presentarse á proba final extraordinaria de xuño.
- Supere a proba final extraordinaria de xuño na súa totalidade. Deberá obter un 4,5 en cada un dos seus apartados.
- Supere a proba final extraordinaria de setembro na súa totalidade. Deberá obter un 4,5 en cada un dos seus apartados.

### **3.11.- PROGRAMA DE RECUPERACIÓN.**

O alumnado coa Cultura Clásica suspensa someterase a un programa de recuperación en función de se a materia se vai suspendendo durante o curso ou se a mantén pendente do curso anterior.

#### **1. MATERIA DURANTE O CURSO**

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, e polo tanto a superación dunha avaliación implicará a recuperación da anterior, en caso de estar suspensa. Para isto, en cada avaliación tentarase que existan probas escritas que recollan contidos da avaliación anterior, de maneira que se poida valorar a progresión do alumnado na materia e, se se seguen a detectar eivas no seu progreso, adoptaranse medidas (entrega de fichas específicas, realización de traballos, controis sistemáticos...) que acaben garantindo a adquisición das competencias imprescindibles.

#### **2. MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR**

Non hai alumnado nesta situación.

### **3.12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

O profesorado tamén debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades planteadas polo alumnado, permitindo dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan.

Segundo isto, a programación de Cultura Clásica está realizada atendendo ás características máis xerais e compartidas polos alumnos/-as; sendo, ademais, unha materia optativa permitirá que a atención á diversidade se poida facer sen confeccionar estratexias moi sofisticadas. En todo caso, será preciso prever en determinadas circunstancias adaptacións específicas para grupos de alumnos/-as con características particulares.

Xa que logo, pódense propór como medidas preventivas algunhas das seguintes:



- Distinguir dentro dos contidos entre aqueles que son fundamentais e prioritarios para conseguir os obxectivos e aqueles outros que sexan complementares ou sirvan de ampliación; nese senso, consideramos que os estudos monográficos das nosas unidades didácticas poderían servir de diferenciación.

- Utilizar metodoloxías diversas, dependendo das necesidades detectadas, podendo así introducir cambios na forma de enfocar os contidos ou de abordar as actividades.

- As actividades que se propoñan poden, á súa vez, diferenciarse en función da distinción dos contidos; así, haberá actividades necesarias e obrigatorias para todo o grupo fronte a outras complementares, que, segundo a persoa destinataria, servirán como reforzo das anteriores ou ben como ampliación naqueles alumnos/-as que amosen interese ou afección destacada.

- Os materiais didácticos que se empreguen mesmo poden estar graduados en función da dificultade que plantean ou ben adaptados para facilitar a súa utilización.

É evidente que ademais destas posíbeis adaptacións que afectan a unha materia específica como a nosa, débense ter en conta outras posíbeis adaptacións curriculares que transcenden a aula, para o que será necesario unha coordinación co resto do profesorado e co Departamento de Orientación: horas de repaso, seguimento de alumnos/-as que non superasen a materia...

### **3.13.- ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

O carácter integral do currículo implica que se debe incorporar en todas as áreas -incluída a materia de Cultura Clásica- o uso dunha serie de normas morais e sociais que lle permitan ao alumno/-a acoplarse á sociedade co maior grao de responsabilidade e de respecto cara a si propio e cara ás ideas e crenzas dos demais. Para logramos estes obxectivos insértanse os contidos transversais.

Na nosa materia tentamos definir cáles destes contidos poderían entrar a formar parte do currículo e cómo se poderían concretar para as poder levar á práctica.

Con tal obxectivo definimos un planteamento metodolóxico que contén tres partes:

- a) presentación das condutas desde o prisma da Cultura Clásica (ben sexa a partir dos textos ou dos restos arqueolóxicos)
- b) reflexión acerca deses valores trasladándoos ao seu entorno habitual, e que sirvan para posicionar a cada membro a respecto deles
- c) implicación persoal do alumno/-a para incorporar eses comportamentos ao seu vivir cotián.

Os contidos transversais propostos serían:

#### 1.- Educación social e moral:

É evidente que a materia de Cultura Clásica desde a perspectiva de ser o berce da cultura occidental pode aportar unha serie de normas éticas de convivencia, de hábitos e de actitudes individuais e colectivas, de valores, en definitiva, que, mesmo relegados ás veces, serven para que o alumnado logre a súa propia madurez persoal e social:

- Recoñecemento nos textos antigos de costumes e conductas que aporten un xeito de proceder cívico e/ou moral.

- Promover a reflexión sobre estes comportamentos, facendo parangón cos actuais e comprendendo e valorando a súa necesidade.

- Lograr un compromiso persoal para tentar que esas ideas (solidariedade, respecto, sinceridade...) se convirtan nunha conducta consistente e mantida na persoa.

Dado o moito que poden abranguer este tipo de valores, o seu desenvolvemento irase facendo en diversos bloques temáticos. Así, actitudes tais como o respecto polo espectro multilingüe e cultural do Estado Español ou a valoración e o respecto pola herdanza recibida, serán obxectivos a conquistar.

#### 2.- Educación para a paz:

A sociedade actual parece pecar dunha grande dose de insolidariedade e egoísmo nas relacións interpersoais e mesmo chega a provocar brotes preocupantes de violencia, racismo...

Se isto obedece, como algúns apuntan, á actual crise de valores, a materia de Cultura Clásica viría a encher ese oco desde a seguinte perspectiva:

- Recoñecer nos textos clásicos:

- a) situacións que provocaron unha alteración do desenvolvemento pacífico da sociedade;

b) as aportacións de personaxes de calquera ámbito para solucionar os problemas e fomentar a paz e a convivencia entre os pobos.

- Considerar esas mesmas actitudes na sociedade actual, examinando con detención as causas que as producen e as solucións que se ofrecen.

- Motivar a corresponsabilidade de todos para afrontar feitos que atenten e violenten a liberdade e o respecto individual por razóns culturais, lingüísticas ou étnicas.

### 3.- Educación para a igualdade entre os sexos:

Se ben legalmente existen disposicións que impiden a comisión de feitos discriminatorios por razón de sexo, na práctica danse situacións que supoñen unha desigualdade social entre ambos sexos.

A Cultura Clásica podería abordar o tema propondo valores tais como:

- Recoñecemento en textos clásicos de feitos de discriminación por razón de sexo.

- Reflexión sobre estas actitudes, tentando atopar paralelos no seu entorno habitual.

- Tentar un compromiso para evitar situacións -do tipo que sexa- que supoñan discriminación sexista, e para mostrar o rexeitamento ante aquelas outras da súa vida cotiá nas que se poida producir esa discriminación.

### 4.- Educación ambiental:

Trátase de que o alumno valore o medio en que vive non só como beneficioso para el senón en grande medida para os nosos descendentes.

Dado que o medio ambiente implica todo aquilo que nos rodea, desde a área de Cultura Clásica tentaríase presentarlle valores coma estes:

- Recoñecemento dos restos arqueolóxicos como patrimonio da humanidade.

- Reflexionar sobre a importancia e necesidade do seu mantimento e conservación no seu entorno natural para uso e disfrute de todas as xeracións.

- Compromiso e implicación persoal na súa conservación.

Valores tais poden ter unha acollida perfecta no apartado onde se trate a pegada e presenza da civilización grecolatina en Hispania e máis concretamente na Gallaecia.

### 3.14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.

As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da cultura clásica que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados etc. Neste senso, facilitarémolles ao alumnado os medios precisos para que poida traballar no ordenador.

Os ámbitos de fomento das TIC por parte deste Departamento serán os seguintes:

- Uso do correo electrónico por parte do profesor para distribuír materiais entre o alumnado que non precisan ser impresos.
- Utilización por parte do alumnado das súas contas de correo electrónico para o envío ao profesor de traballos e materiais non impresos.
- Uso da Aula Virtual na que o alumnado poida desenvolver a aprendizaxe, estudo e repaso dalgúns apartados concretos da materia.
- Consulta e busca de información na internet, tanto na aula multimedia ou de informática durante os períodos lectivos como na biblioteca nos recreos ou na propia casa.

### 3.15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Desde esta materia, e tendo en conta o **plan lector** do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora como os seguintes:

- Adquirir e consolidar o hábito lector e mellorar a competencia lectora individual: favorecer o uso correcto (oral e escrito) das linguas de ensino-aprendizaxe.
- Consecución das competencias curriculares: axuda na comprensión lectora de textos (ou outro material complementario) que deben manexar nas tarefas escolares; apropiación do vocabulario específico de cada área.
- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).

- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función). Para isto, algunhas das actividades propostas poden ser:
  - Dedicación á lectura naqueles temas teóricos da materia, de maneira que esa lectura vaia acompañada coa explicación correspondente do profesorado. Posteriormente, o alumnado podería elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar os temas, servindo estes como ferramenta de aprendizaxe.
  - Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados co mundo clásico.
  - Lectura persoal dunha obra da literatura grega e outra da literatura latina traducidas e/ou adaptadas.
  - Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
  - Elaboración dun vocabulario específico das linguas e cultura clásicas.

As actuacións que se levarán a cabo desde a materia para desenvolver o Proxecto Lingüístico serán as seguintes:

- Respectarase a lingua establecida polo proxecto lingüístico para a docencia da materia.
- Utilizaranse as medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo, para alcanzar o obxectivo de fomento do plurilingüismo.
- Adoptaranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
- Colaborarase nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

### **3.16.- ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN.**

Se algún alumno ou alumna presenta dificultades no proceso de aprendizaxe durante o curso, o profesor levará a cabo un programa de recuperación destinado a mellorar e reforzar aqueles coñecementos ou procedementos onde detecta a dificultade.

Así, faranse as seguintes actividades:

- Traballos específicos e personalizados para reforzar os contidos onde se presentan dificultades.
- Explicacións teóricas para ese alumnado en horas fóra de clase.
- Traballo en coordinación co departamento de orientación.

En calquera caso, o profesor pode decidir de maneira excepcional repetir probas obxectivas nas que non se acadaran os obxectivos.

### **3.17.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS. LIBRO DE TEXTO.**

Tendo en conta que o material non só ofrece estímulos á percepción, senón tamén á actividade dos alumnos, pode servir como fonte de motivación de grande valor.

Entre os distintos tipos de material que se empregarán escolmamos os seguintes:

a) Non se contará con libro de texto definido

b) Medios audiovisuais: Entre os que destaca a utilización de vídeos de temas culturais, artísticos, históricos ou mitolóxicos da civilización grecolatina; diapositivas que poidan complementar os aspectos anteriores; películas comerciais de tema clásico; recursos informáticos; maquetas... E esa ferramenta imprescindible que é Internet, á que queremos acceder desde as aulas dotadas de encerados dixitais.

c) Outros libros que poidan servir de apoio para as actividades: dicionarios de mitoloxía, atlas culturais do mundo clásico, novelas históricas xuvenís, libros de relatos sobre o mundo clásico...

### **3.18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Por mor da pandemia, durante o presente curso escolar este departamento non promoverá ningunha actividade complementaria ou extraescolar.

### 3.19.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE POR PARTE DO ALUMNO.

Competencia	Indicadores de logro
CCL	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Responde ao que se pregunta de forma xustificada, con corrección gramatical, tanto de forma oral como por escrito.</li> <li>▪ Redacta con corrección ortográfica e gramatical, con caligrafía lexible.</li> <li>▪ Utiliza de maneira oportuna o vocabulario apropiado relacionado cos contidos abordados neste curso.</li> <li>▪ Le de maneira comprensiva, interpretando correctamente o sentido dos textos.</li> </ul>
CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Interpreta correctamente os gráficos para sacar as conclusións pertinentes.</li> <li>• Presenta a resolución dun problema de forma estruturada e razoada.</li> <li>• Manexa correctamente a linguaxe matemática.</li> </ul>
CD	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Usa de maneira eficiente os buscadores para atopar información na rede.</li> <li>• Elabora documentos ben presentados utilizando o procesador de textos.</li> <li>• Elabora presentacións sinxelas como ferramenta de traballo.</li> <li>• Manexa o correo electrónico para intercambiar información co profesor ou cos compañeiros.</li> <li>• Xestiona os seus arquivos nun espazo de almacenamento.</li> </ul>
CAA	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorpora as correccións sinaladas polo profesor en tarefas posteriores.</li> <li>• Aporta solucións propias ás incidencias que se presentan habitualmente na realización dun proxecto ou na propia aula.</li> <li>• Elabora representacións conceptuais propias, en forma de esquemas ou resumos.</li> <li>• Distingue as ideas principais das secundarias en textos de diferentes clases.</li> </ul>
CSC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Respecta as normas da aula e do centro en xeral, tanto no que se refire á seguridade como á limpeza e conservación.</li> <li>• Participa activamente nos traballos en grupo.</li> <li>• Mantén en orde o seu material de traballo.</li> <li>• Asume as responsabilidades que lle corresponden como alumno, tanto a nivel individual como dentro dun grupo de iguais.</li> <li>• Respecta aos demais membros da comunidade educativa.</li> </ul>
CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Toma a palabra de xeito pertinente e oportuno para facer comentarios ou preguntas.</li> <li>• Lidera ou organiza as tarefas que implican o traballo en grupo.</li> <li>• Propón alternativas factibles e pertinentes ás tarefas asignadas polo profesor.</li> </ul>
CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece a importancia da literatura como expresión artística.</li> <li>• Preocúpase pola estética das súas creacións.</li> <li>• Identifica as tecnoloxías da información e a comunicación como vía de intercambio e enriquecemento cultural.</li> </ul>

**CCL:** C. Comunicación Lingüística; **CMCCT:** C. Matemática e competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía; **CD:** C. Dixital; **CAA:** Aprender a aprender; **CSC:** C. Sociais e Cívicas; **CSIEE:** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor; **CCEC:** Conciencia e Expresións Culturais.

### **3.20.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

En diferentes momentos ao longo do curso, faráselles chegar aos alumnos información sobre certos aspectos da programación. Ao inicio do curso comunicaráselles de forma esquemática a secuencia de unidades que serán impartidas ao longo do curso de acordo coa programación.

Ao inicio de cada avaliación serán informados de xeito detallado sobre os seguintes puntos:

- Unidades impartidas en cada avaliación , especificando cada un dos seus puntos.
- Temporalización e secuencia das diferentes actividades programadas, incluídas as actividades de avaliación.
- Información precisa acerca dos criterios de avaliación e cualificación, incluíndo as porcentaxes de ponderación asignados a cada unha das probas e actividades de avaliación e o sistema de recuperación.

Ao final de curso recollerase a valoración do alumnado sobre certos aspectos da programación: preferencia polas diferentes unidades, polas diferentes actividades levadas a cabo e suxestións sobre algúns aspectos dos temas tratados ou de outros novos do seu interese. Esta información engadirase á avaliación da propia programación.

A toma de datos e información necesaria para este proceso de avaliación farase a partir de varias fontes:

- Estatísticas de resultados e cualificacións do alumnado do centro, interpretadas como porcentaxes de consecución de obxectivos.
- Redacción da memoria final do curso, onde se especificarán o total das unidades impartidas, así como as posibles modificacións, se fose o caso, introducidas na programación e os motivos de ditas modificacións.
- Datos da valoración da programación por parte dos alumnos recollidos a través de enquisas.

A partires das anteriores fontes de datos, e durante o curso, o departamento aplicará diferentes instrumentos de avaliación que permitan valorar de forma correcta aspectos como:

- Idoneidade da secuencia de contidos.
- Axeitada ponderación dos contidos que integran cada bloque.
- Temporalización acaída das diferentes unidades.



- Adecuación dos instrumentos e criterios de avaliación aos estándares de aprendizaxe.

Usarase un cuestionario como o seguinte para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente e os resultados constarán na memoria final de curso.

<b>DIVERSIDADE</b>	1	2	3	4	Propostas de mellora
Ao principio do curso fíxose algún tipo de actividade para coñecer a composición da clase.					
Tense en conta a diversidade á hora de organizar a clase e crear grupos.					
Dáselle a cada alumna ou alumno a información que necesita.					
Créanse actividades de diferentes niveis.					
Adáptanse as actividades ao alumnado que se afasta da media tanto por arriba como por abaixo.					
<b>PROGRAMACIÓN DE AULA</b>					
Tense en conta a programación á hora de planificar as clases.					
Recóllense e arguméntanse as modificacións respecto á programación do curso.					
Déixase claro ao alumnado que se vai facer en cada unidade de traballo e como vai ser avaliada.					
<b>ACTIVIDADES NA AULA</b>					
Propóñense agrupamentos diferentes (individuais, parellas, pequeno grupo, gran grupo...)					
Deséñanse actividades variadas (lectura, análise, investigación, creación, debate...)					
Propóñense actividades que promoven a autonomía na aprendizaxe.					
Utilízanse ferramentas diversas (libros de consulta, libros de lectura, TIC...)					
Pásase a maior parte do tempo da clase con explicacións teóricas.					
Pásase a maior parte do tempo da clase pedindo a atención do alumnado.					
Adícase a maior parte do tempo a promover que o alumnado faga actividades diversas.					
<b>AVALIACIÓN</b>					

O alumnado está sempre informado de como será a avaliación antes de comezar cada traballo, proxecto ou unidade nova.					
Utilízanse diferentes tipos de probas para avaliar (exposicións, exames, traballos, debates...)					
Prográmanse plans de recuperación para aquelas alumnas ou alumnos que non alcanzan os obxectivos mínimos.					
A avaliación está baseada nas competencias clave.					

**Noia, a 15 de outubro de 2020**

Carlos Maquieira Rodríguez

Xefe do departamento de Grego